



BASES PROGRAMÁTICAS

Marzo 2020

(Aprobadas por delegación do Comité Nacional Galego)

 **A hora
do cambio.**

Índice

1. A APOSTA POLO PROGRESO ECONÓMICO DE GALICIA: INNOVADOR, INCLUSIVO, SUSTENTABLEPáxina 3
2. UNHA ADMINISTRACIÓN LIMPA, TRANSPARENTE, EFICIENTE E AO SERVIZO DA CIDADANÍAPáxina 35
3. POLÍTICAS SOCIAIS: A NOSA PRIORIDADEPáxina 54
4. COMPROMISO MEDIOAMBIENTAL: A SOCIEDADE DA SUSTENTABILIDADE COMO OPORTUNIDADE PARA GALICIAPáxina 80

A APOSTA POLO PROGRESO ECONÓMICO DE GALICIA: INNOVADOR, INCLUSIVO, SUSTENTABLE

INTRODUCCIÓN: A DÉCADA PERDIDA DE FEIJÓO

A principal característica do modelo económico do governo do Partido Popular en Galicia ten sido a ausencia de rumbo. Limitouse a unha administración do existente, con máis preocupación pola propaganda que polos resultados efectivos, sen utilizar con eficacia os recursos e resortes dos que dispón Galicia.

Nos anos duros da crise, até 2014, o governo Feijóo estivo centrado na contención desmesurado gasto público, mediante unha política de recortes de dereitos sociais, marcándose como principal meta o cumprimento dos obxectivos de déficit público, esquecéndose de facer unha política económica activa para a modernización do país e o benestar da cidadanía galega.

A partir de 2014, coa recuperación económica xeral en marcha, Galicia queda atrasada e a ausencia de proxecto ou estratexia resulta aínda más evidente.

Con resultados negativos en indicadores básicos:

- A perda de poboación continuou nestes anos. En todos eles. O saldo vexetativo negativo (menos nacimentos que mortes) non chega a ser compensado por unha inmigración no fundamental de retorno. O longo devalo demográfico indica a falla de dinamismo e a atonía investidora.
- Galicia é incapaz, na crise e na recuperación, de xerar oportunidades de emprego a un ritmo similar ao español. Feijóo será o primeiro presidente que deixará o cargo con menos horas traballadas e menos persoas ocupadas (en equivalentes a tempo completo) que cando o asumi.

Galicia limitouse a seguir as pautas e ritmo de crecemento da economía española. E o seu particular retroceso demográfico fai que en termos de renda por habitante recuperemos unha parte da distancia da media española, da que aínda estamos lonxe. Este indicador é positivo, pero deriva dun fracaso previo: a regresión poboacional.

A Xunta de Galicia limitouse a observar os esforzos dun tecido empresarial que ante a caída da demanda interna tivo que arriscarse máis en mercados exteriores. Algunxs sectores progresaron, sen deberlle nada ás políticas da Xunta de Galicia. Outros padeceron, sen poder agardar tampouco nada dunha administración ausente.

A actuación dos últimos meses, colocando no campo do goberno de España todas as dificultades industriais, non só é mendaz se non que representa a mellor demostración da pasividade estrutural do goberno Feijóo fronte aos retos económicos do país. No mellor dos casos, cunha actuación defensiva. No peor, dificultando a solución aos problemas. Sempre, sen achegar solucións, nin sequera nos ámbitos en que a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas.

Galicia amosa resultados discretos en termos de competitividade comparada coas rexións europeas (posto 197 sobre 268 territorios en 2019, en décima posición entre as comunidades autónomas españolas). Desde 2016 retrocedemos 16 postos. As deficiencias sitúanse no nivel superior de ensino, na eficiencia no mercado de traballo, no tamaño do mercado, na sofisticación nos negocios e o uso da tecnoloxía, no compromiso coa innovación ou nas infraestruturas. Son os factores que penalizan a capacidade de Galicia para competir.

1. UNHA POLÍTICA ECONÓMICA ACTIVA PARA MODERNIZAR O TECIDO PRODUTIVO

Na actual conjuntura compre enfrentar tres grandes cambios que están transformando a estrutura produtiva en todo o mundo: a globalización, o cambio tecnolóxico e a descarbonización. As empresas galegas forman parte de complexos ciclos de transformación en todo o planeta, de Brasil a Vietnam, de Polonia a Marrocos, experimentando a presión que exercen localizacións con menores cargas laborais, con leves esixencias medioambientais, con regulacións más permisivas. O cambio tecnolóxico acelerado está socavando as bases tradicionais da producción e do consumo, alterando as vantaxes competitivas das distintas rexións no mundo así como as formas organizativas dominantes. A descarbonización condicionará as vindeiras décadas, producindo unha substitución do carbón, o petróleo e o gas por enerxías renovábeis, afectando tamén ao modelo organizativo: en vez de concentración, dispersión; en vez de dependencia de grandes empresas, maior autonomía.

Neste contexto a peor das actuacións é agochar a cabeza e ollar para outro lado. O modelo de pasividade e clientelismo da Xunta de Galicia non permite afrontar estes retos. Os socialistas

galegos cremos no papel activo do sector público e da política económica para impulsar e modernizar a economía, xerando as condicións adecuadas para que as empresas de sectores tradicionais e doutros más innovadores atopen un espazo adecuado para o seu desenvolvemento. Mantendo o noso compromiso cunha Galicia moderna e dinámica, e asumindo o reto do avance e modernización do país para os próximos anos. Na nosa folla de ruta, o goberno da Xunta de Galicia ten que xogar un papel fundamental para propiciar novas sendas institucionais que permitan avanzar desde a situación económica actual cara a un novo escenario de oportunidades e posibilidades de futuro. Para iso, Galicia necesita redimensionar e revitalizar a súa política económica, e non limitar a política económica á política de facenda e contas públicas.

O goberno socialista da Xunta de Galicia garantirá unha política económica activa que impulse aos sectores produtivos do país, aposte pola creación de emprego de calidade, fomente o benestar e as oportunidades para a cidadanía galega, desenvolva a Galicia interior e o medio rural, fomente a inversión e a investigación. É por elo necesario, recuperar unha auténtica política económica integrada que faga fronte aos desafíos económicos de Galicia e teña como obxectivo fundamental modernizar e impulsar as condicións económicas estruturais de Galicia e xestionar as finanzas públicas aproveitando as potencialidades que o noso estatuto nos outorga. Cumprindo co rigor na xestión das contas públicas pero utilizando con decisión os recursos para impulsar o benestar e impulsar a competitividade e o crecemento.

Con diálogo social. Mediante acordos cos principais actores económicos e sociais. Trátase de establecer unha senda de cambio institucional que aposte pola modernización do país en base ao diálogo e acordo entre os poderes públicos e a sociedade civil. E para iso hai que entender a importancia da política e da política económica.

2. O EMPREGO: A NOSA MÁXIMA PRIORIDADE

A máxima preocupación das persoas en Galicia é o emprego. A cantidade e tamén a súa calidade. Non é para menos. Pois un dos principais factores diferencias do noso comportamento económico na década de Feijóo é a incapacidade para manter o emprego ou crealo ao mesmo ritmo que a media da economía española.

Mentres en España xa se supera con creces o volume de ocupación rexistrado no último trimestre de 2008, en Galicia hai 100 mil ocupados menos que nesa data. E se facemos o cálculo en horas traballadas o descenso sería aínda maior. No ano 20019 creáronse en España do orde de 450 mil empregos, dos que só 7.500 corresponderon a Galicia.

O descenso da ocupación vai en paralelo á caída persistente da poboación activa. Temos 80 mil activos menos que hai once anos e a metade da perda tivo lugar durante a recuperación. Xeracións más numerosas xubílanse e son substituídas por continxentes menos nutridos, polo que, a pesar da maior propensión á actividade por parte da mulleres más novas, a poboación activa descende suave pero continuadamente.

Iso é o que explica que, a pesar da atonía da ocupación, o desemprego estea situado algo por debaixo da media española pero aínda en porcentaxes de dous díxitos. O número de parados no último trimestre de 2019 supera ao de finais de 2008.

Esta situación de escaso dinamismo do mercado laboral prexudica especialmente a aqueles que teñen que iniciar a súa vida laboral, así como aos adultos maduros que perderon o seu emprego durante a crise e están nunha situación de desemprego prolongado.

Temos que insistir tamén en que a calidade do emprego continúa sendo insuficiente. Un de cada 4 empregos continúa sendo temporal, e o índice de temporalidade aumentou desde 2013, afectando sobre todo aos menores de 35 anos. Un de cada 7 ocupados traballa a tempo parcial, afectando especialmente ás mulleres.

Na recuperación (4º trimestre de 2013 a 4º trimestre de 2019) o emprego temporal medra a un ritmo tres veces superior ao indefinido. Un de cada dous empregos creados é temporal. Para as mulleres, peor: tamén aquí hai fenda de xénero. Tamén para os menores de 30 anos a capacidade de obter un emprego indefinido é reducida, e isto val tanto para o sector público como para o privado.

O cambio de políticas públicas neste ámbito é urgente. Na xestión do emprego público, para ofrecer oportunidades satisfactorias á nosa mocidade nos servizos públicos dirixidos á poboación. Nas políticas de emprego, para incidir en salarios e condicións laborais en favor dunha

remuneración suficiente e unhas condicións dignas. Executando con rapidez os fondos finalistas que chegan desde a administración xeral do estado ou as comunidades europeas para a formación dos desempregados en novas capacidades, para facilitar a correspondencia entre oferta e demanda de empregos, para axudar aos autónomos.

Todo o contrario do que foi a práctica habitual nos gobernos de Alberto Núñez Feijóo.

O emprego é un resultado das decisións dos axentes económicos e só se avanzará decididamente nunha economía robusta e san, que impulse o investimento produtivo e favoreza os procesos de alto valor engadido. Pero compre activar as políticas de emprego para acompañar ás políticas industriais que delineamos noutros ámbitos deste programa.

Os socialistas priorizaremos no goberno da Xunta de Galicia as medidas de fomento do emprego e levaremos a cabo plans de emprego para os colectivos con máis dificultades, especialmente no ámbito do emprego xuvenil.

Igualmente procederemos á reforma e potenciación do servizo público de emprego para apoiar a contratación e sirva nun instrumento de intermediación más eficaz que precisan tanto as empresas como as persoas paradas de Galicia.

Tal que se poda avanzar nun emprego de calidade e o traballo decente como dereito da cidadanía, mediante a recuperación dun auténtico diálogo social e de defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras, no que incluirase o ámbito da contratación pública, para a introdución de cláusulas sociais que contemplen condicións laborais dignas en sectores tan relevantes como o transporte (transporte escolar), a atención social (axuda a domicilio e outros), a seguranza en edificios públicos, a limpeza, etc.

Impulsaremos campañas de Inspección de Traballo que busquen prácticas de traballo non decente e combatilas con toda a forza sancionadora que marca a lei, así como promoveremos medidas de prevención de riscos laborais coordinadamente cos axentes sociais, impulsando a implantación de medidas e sistemas de xestión da prevención de riscos laborais.

A formación convértese nun factor determinante para que as persoas desempregadas podan atopar emprego e para que manteñan unha formación crecente que sexa útil para o mantemento e produtividade. Os itinerarios de formación para desempregados e a formación profesional dual teñen que ver con ambas cuestións.

3. A IMPRESCINDIBLE E URXENTE REVITALIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Se non hai cambios substanciais Galicia vai experimentar nas vindeiras décadas unha regresión demográfica de singular intensidade. Desde hai trinta e cinco anos a distancia dos nacementos ás defuncións non fai mais que aumentar. Na última década o saldo negativo acumulado situouse en cen mil habitantes. E as previsións existentes indican unha aceleración no inmediato futuro. Os cambios nos saldos migratorios poden alterar estas pautas. Pero para equilibrar a caída precisaríamos unha inmigración anual moi intensa.

Como consecuencia, van alterarse as características socio-demográficas da poboación, con agravamento dun avellentamento e sobreavellentamento moi intenso en termos comparados.

O principal elemento deste proceso é o descenso continuado da fecundidade até niveis insólitos a escala mundial. O cambio do estatus da muller, a escasa creación de postos de traballo estables e o limitado apoio á crianza dos fillos e filas explican que o número medio de fillos por muller apenas supere a unidade, cando desexarían en medida ter dous. Non se trata pois, de facer campañas a favor da natalidade se non de crear as condicións para que os individuos, as parellas, poidan cumplir os seus deseños.

Crear emprego, e que sexa estable e de calidade, é unha condición necesaria pero non suficiente para quebrar a estratexia de nula descendencia que seguen moitas parellas galegas. Compre tamén actuar sobre os servizos de benestar, que facilitan e fan menos onerosa a crianza dos fillos e filas, sobre os arranxos institucionais e de negociación colectiva que evitan que a tenencia de fillos afecte á carreira profesional de xeito negativo, ou sobre a cultura de corresponsabilidade compartida no fogar, entre outros factores.

A regresión demográfica fará que unha proporción crecente de persoas maiores eleve a demanda de gasto social e sanitario. Ademais, o avellentamento pode afectar negativamente á taxa de aforro social e, xunto co menor impulso demográfico, reduce os incentivos para o emprendemento. Os efectos da regresión demográfica e o avellentamento sobre o ritmo de crecemento tenderán a ser negativos.

A regresión demográfica pode elevar asemade o custe unitario de actividades ou infraestruturas que, por razóns diversas, só miren para a sociedade galega: desde o conxunto do aparato institucional até o financiamento da televisión de Galicia ou a supervivencia dunha industria cultural en galego; así como a valorización de infraestruturas con exceso de capacidade.

Podemos cambiar as tendencias, como indica a experiencia europea, até situar a fecundidade en niveis próximos aos reemprazamento. A principal condición é a disposición dun emprego estable; unha segunda, servizos sociais de atención á infancia de calidade –que garanten a compatibilidade da crianza dos fillos co traballo dos pais-. E disposicións institucionais que facilitan tamén esa compatibilidade (traballos a tempo parcial, horarios flexíbeis, permisos de paternidade iguais e intransferíbeis entre os membros da parella).

Así como o fomento dunha cultura de responsabilidade compartida na crianza dos fillos , que reduza o nesgo contrario ao desempeño das mulleres na súa carreira profesional.

España, e Galicia, conta con políticas de familia raquínicas e pouco eficientes. Compre, pois, deixarse de estratexias de mercadotecnia e alterar as condicións do mercado laboral, dos servizos sociais dirixidos á infancia, do impulso ás políticas de igualdade e do fomento da correponsabilidade, por medio de políticas específicas competencia da Xunta de Galicia.

A revitalización demográfica pasa por utilizar de xeito combinado os impulsos á fecundidade e á inmigración. Ambas dependen dunha demanda sostida de mao de obra Pero para facerse real ten que vir da mao dunha demanda en alza de mao de obra, que non poida ser cuberta pola oferta interna, ben por motivos cuantitativos ben polas características dos postos de traballo creados. De darse esta circunstancia, hoxe moi afastada no tempo, o recurso á inmigración é o que fai posible unha menor presión sobre os recursos públicos.

Unha das fontes de revitalización demográfica é o retorno procedente da chamada “Galicia exterior”, para o que sería procedente o establecemento dunha rede de conexión hoxe inexistente de traballadores e profesionais galegos no exterior, así como un Plan de retorno, inclusivo e non discriminatorio.

Así como un compromiso coa integración social de inmigrantes (tanto os que teñen cidadanía española pero nunca viviron en Galicia como os que non), mediante o establecemento dun Plan de Integración, que contemple medidas de aprendizaxe dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma, acceso ás prestacións sociais básicas, etc.

Un primeiro reto é acometer un cambio cultural, que estimule a flexibilidade ou o apego a un certo risco...nunhas condicións sociais desfavorábeis pola elevada presenza de persoas con superior aversión ao cambio.

Un segundo reto é ser selectivos nas políticas públicas. Analizar co máximo rigor os investimentos de ampliación de capacidade, singularmente nos ámbitos do transporte, para evitar cargar a xeracións mais reducidas con infraestruturas de pesado sostento. O notable impulso aos investimentos públicos nos últimos dez anos deixou unha planta de equipamentos e infraestruturas ao tempo desequilibrada, excesiva e, en ocasións, desconectada. É prioritario centrar a atención na explotación mais eficiente do existente e na súa interconexión.

Un terceiro reto é a persistencia. O que esixe un amplio consenso político e social. Pois trátase de establecer políticas transversais, de extenso rango temporal e que deben estar baseados en piares firmes para emitir sinais inequívocas á cidadanía.

4. A NECESARIA REFORMA DO FINANCIAMENTO AUTONÓMICO E O MANTENIMENTO DOS FONDOS EUROPEOS

O proceso de descentralización alcanzou en España unha encrucillada decisiva, despois dun longo ciclo que a converteu nun dos países máis descentralizados do mundo desde a perspectiva do gasto público. O modelo de financiamento autonómico aprobado en 2009 formulou obxectivos ambiciosos: reforzar a suficiencia global, mellorar a estabilidade dinámica do sistema e a súa capacidade de axuste ás necesidades dos cidadáns, incrementar a autonomía e a

corresponsabilidade fiscal, aumentar a equidade. Dez anos despois os datos indican que houbo un problema de suficiencia, elevouse notablemente o montante dos pasivos financeiros, o uso da autonomía tributaria foi limitada e desigual e persisten severos problemas de equidade. O modelo, de xeito imperfecto pero potente, atende ás necesidades de gasto máis que ás capacidades tributarias. Incorpora un forte compoñente redistribuidor e, por tanto, de igualación no tratamento dos cidadáns no territorio. Á hora de calcular as necesidades xa ten en conta criterios de custe, como a dispersión, e de demanda, como o avellementamento poboacional. Outra cousa é que a súa ponderación sexa a máis axustada. Con todo, introduciu o criterio de nivelación parcial, contrario á procura da equidade, pero sen efectividade pois a actuación dun conxunto de fondos específicos desactivou a súa acción. A autonomía tributaria avanzou pero aínda non existe unha ampla conciencia social sobre a responsabilidade tributaria das comunidades e as autonomías contan con instrumentos insuficientes na xestión e recadación dos tributos.

As políticas dos gobernos de Feijóo en relación co modelo de financiamento estiveron presididas polo interese partidista: combate contra as decisións dos gobernos centrais de signo socialista, pasividade e complicidade en relación cos gobernos conservadores. A Axenda e os criterios actívanse en función das necesidades electorais e non en función das necesidades de Galicia.

Así, non houbo unha contestación ao retardo na revisión do modelo, nin á posta en marcha dos mecanismos extraordinarios de financiamento, que prexudicaban a Galicia -aínda que despois se demandaron compensacións-. E careceuse dun traballo continuado a prol da mellora do Fondo de Compensación Interterritorial ou doutros aspectos.

Galicia debe apostar por un modelo de equidade máxima, con nivelación total en función das necesidades de gasto. Todos os recursos do sistema, con excepción dos que financian competencias non homoxéneas, serán distribuídos entre as comunidades en función das unidades de necesidade.

A revisión do modelo debería dar lugar ao establecemento dun novo equilibrio vertical mais favorable ás comunidades, na liña do establecido pola Comisión de expertos para a reforma do financiamento autonómico (xuño de 2017). Galicia debería manter como mínimo o seu peso relativo en termos de financiamento por habitante axustado, sen perder recursos en termos absolutos no seu primeiro ano de vixencia.

Na asignación dos recursos globais entre autonomías debe prevalecer como razón fundamental a cobertura igualitaria das necesidades de gasto. A aplicación da solidariedade debe ser plena e non parcial. Debe rexitarse o principio de que os recursos fiscais correspondan ao territorio onde se orixinan, por introducir diferenzas inaceptábeis entre uns e outros cidadáns en función da renda e a riqueza da Comunidade Autónoma na que viven. O obxectivo debe ser garantir unha capacidade de gasto equivalente ás Comunidades, a igualdade de presión tributaria.

En termos de autonomía tributaria, debe establecerse un sistema de participación das comunidades autónomas nas decisión tributarias sobre aqueles impostos que comparten coa administración xeral do Estado e ter unha participación efectiva nos órganos de dirección da Axencia Tributaria. En termos de lealdade institucional as decisión da administración central que supoñan un incremento do gasto ou unha redución dos ingresos das comunidades autónomas deben ser obxecto dunha compensación explícita.

Compre, de xeito paralelo á revisión do modelo de financiamento autonómico, proceder a unha reforma substancial do Fondo de Compensación Interterritorial, que eleve a súa contía, estableza criterios explícitos e obxectivos para a determinación dos territorios beneficiarios, someta as actuacóns a estratexias panificadas de desenvolvemento e permita a introdución de novos obxectivos como a mellora das condicións de accesibilidade nos entornos rurais.

No Marco Financiero Plurianual da Unión Europea, traballaremos para evitar a redución do orzamento comunitario, incrementándoo ao menos ata o 1,3% do PIB da UE-27, en liña coas demandas expresadas polo Parlamento Europeo por impulso socialista.

Así mesmo, debe garantirse que se eliminan as previsións sobre condicionalidade macroeconómica relacionadas co cumprimento do Pacto de Estabilidade, de maneira que non se penalice á cidadanía das rexións más dependentes das políticas de desenvolvemento rexional polas decisións adoptadas noutros niveis.

O PSdeG loitará para que Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dea prioridade a loita contra o desafío demográfico, a fin de desenvolver estratexias integradas que permitan fazer fronte ao declive demográfico e incrementar o atractivo de territorios como o noso para poboación e investimentos que permitan cumplir os obxectivos de transición xusta

Comprometémonos a traballar para que Galicia siga tendo nos fondos europeos unha panca para o desenvolvemento rexional que permita impulsar a modernización económica, tamén no mar e no medio rural, e o benestar.

5. COMPROMISO COA ESTABILIDADE FINANCEIRA E A XUSTIZA FISCAL

A xestión das finanzas autonómicas dos gobernos Feijóo caracterizouse por:

- a. Un incremento substancial do endebedamento, ate niveis que superan amplamente as previsións normativas, por máis que a Xunta de Galicia cumpliu basicamente cos niveis de déficit acordados.
- b. Unha política de bonificacións fiscais selectivas e de redución da fiscalidade sobre o patrimonio, que non produciu efectos positivos sobre os ritmos de crecemento e sen embargo alentou o incremento das desigualdades.
- c. Unha política de gasto que sacrificou o nivel dos investimentos sen ser quen de manter o nivel duns servizos públicos básicos moi premidos pola evolución do avellentamento. Os investimentos eran financiados polas transferencias europeas ou da administración central, ademais de polos pasivos financeiros netos xerados.

A nosa proposta pasa por manter unha política fiscal expansiva pero sustentable introducindo algúns recursos públicos adicionais na economía. Por cumplir co teito de gasto e os compromisos de déficit e débeda ao tempo que se xeran os recursos adicionais para fortalecer os servizos básicos e preparar o futuro. Para iso, os orzamentos teñen que medrar por riba do PIB nominal coa intensidade suficiente para reverter a situación de recortes da última década, e ser quen de adaptar a economía galega ao novos retos, investindo, xerando emprego de calidade e mantendo o gasto en benestar para que a sanidade, educación e políticas sociais convertan a Galicia nun sitio distinto e mellor.

Para iso son precisas accións de fondo tales como:

- Obter algúns recursos adicionais dunha política fiscal central máis xusta e eficiente, a través da negociación dun novo sistema de financiamento, como se establece noutras partes do programa.
- Utilizar plenamente as posibilidades derivadas do endebedamento autorizado.
- Utilizar con axilidade os fondos europeos, rematando os proxectos do período 2014-2020 e, sobre todo, apurando a preparación do novo período 2021-2027, no que os factores de futuro (innovación, dixitalización, competitividade) deben ter un papel central.
- Reforzar o sistema fiscal propio. Para o que se precisa modificar varios tributos para recuperar a progresivididade que establece a Constitución, e crear algunha nova figura tributaria. En segundo lugar, activar os mecanismos de persecución dos defraudadores.

Con propostas que posibiliten achegarse a que o sistema tributario autonómico sexa acorde cos principios constitucionais contemplados no artigo 31 da Constitución Española, que establece que todos temos que contribuír ao sostento do gastos públicos (suficiencia), en función da capacidade económica e con xustiza (equidade) e con progresivididade.

Polo tanto propoñemos medidas de revisión das bonificacións fiscais e diversos elementos dos gravámenes existentes, para avanzar na eficiencia e equidade do sistema tributario; de creación en Galicia de novas figuras tributarias que xa se están aplicando con éxito noutras comunidades autónomas; e de reestruturación da administración tributaria galega e para o impulso dun Plan de loita contra a fraude fiscal.

É preciso igualmente ir cara un novo sistema de valoración administrativa para inmóbiles, dado que a gran maioría das reclamacións económicas administrativas presentadas contra actos da Xunta proceden de actos de valoración e nos que adoita ser habitual a presenza de inmóbiles. Dos sinistros presentados, en máis do 82% dos casos o Xulgado dá a razón, total ou parcialmente, ao contribuínte galego. En total, Galicia concentró en 2017 case un terzo das reclamacións económico-administrativas presentadas en toda España contra a liquidación do Imposto sobre Sucesións. Isto mostra un problema. Polo que os métodos empregados pola Xunta deben modificarse, porque foron declarados nulos polos xulgados ou porque son caros. Para dar seguridade xurídica ás valoracións, reducir os litixios e estimar este valor cun custo razonable, propónense modificar os métodos de valoración.

Igualmente é necesario avanzar cara a acadar un gasto transparente e con avaliación, como camiño á eficiencia, como primeiro requisito para conseguir un sistema tributario xeral, xusto e eficiente, tal que o gasto público e atenda ás necesidades xerais da poboación, se distribúa de forma xusta, transparente e sen corrupción.

6. UNHA POLÍTICA INDUSTRIAL QUE REFORCE A BASE PRODUTIVA GALEGA

O balance que se pode facer da política industrial do goberno de Feijóo nos mais de dez anos de goberno é claramente negativo. Galicia perde peso no conxunto da industria española, tanto en termos de volume de produción, como en termos de emprego. A análise do Valor Engadido Bruto das industrias extractivas, manufactureiras e enerxía, mostran un descenso continuado do seu peso no VEB total, alo menos ata o ano 2017, para o que existen estatísticas, cunha perda de peso en torno ao 0,2% anual.

Na lexislatura que remata, o Índice de Producción Industrial (IPI) diminuíu un 2,5% en Galicia fronte ao 0,4% no conxunto de España. E o derradeiro ano, o 2019, foi especialmente desfavorable, o IPI en Galicia diminuíu un 5,6%, mentres en España aumentou un 0,7%.

En termos de emprego, dende que Feijóo goberna a Xunta de Galicia, o emprego industrial diminuíu en Galicia un 11,1% (de 208.400 a 185.100 ocupados), mentres que en España o fixo nun 3,9% (de 2.930.660 a 2.815.800). Así o emprego industrial galego era en 2009 o 7,1% do conxunto de España e baixou en 2019 ao 6,6%. Desta forma, a proporción de emprego que representa o sector industrial no conxunto dos ocupados galegos reduciuse dende o ano 2009 ao 2019 en 1,1 puntos porcentual (do 17,8% en 2009 ao 16,7% en 2019).

A política industrial da Xunta de Galicia neste derradeiros dez anos ten sido o mellor exemplo da publicidade e propaganda como eixes da acción de goberno. Tratábase de aproveitar os éxitos do tecido industrial galego e facelos e vendelos como propios, mentres que ante os problemas sempre existía algún responsable externo, que cando non gobernaba o Partido Popular, era sobre todo o goberno de España.

Esta campaña publicitaria permanente reforzouse cunha batería de textos lexislativos que permitían facer roldas de prensa, pero non aportaban nada ao reforzo do tecido industrial de Galicia, sen instrumentar os programas de innovación, programas de internacionalización e programas de mellora da competitividade industrial, que eran contemplados normativamente.

Probablemente o mellor exemplo da incapacidade do goberno de Feijóo de plasmar en accións concretas a súa producción lexislativa en materia industrial é a Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, norma con moito de declarativa, pero con escasa (ou nula) incidencia real no sector dende a súa aprobación.

A aprobación deste Plan director da industria de Galicia correspónelle ao Consello da Xunta de Galicia, o cal xa o 13 de maio de 2015 aprobou a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, como “un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento”. As dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un 20% do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, obxectivos totalmente incumpridos.

De outra banda, o Instituto Galego de promoción Económica (IGAPE) debería constituir o principal axente público con que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, sendo a súa xestión moi deficiente. De feito, o IGAPE está a perder relevancia dende que Feijóo chegou ao goberno, cando sería necesaria unha actitude moito más activa. As súas partidas iniciais aparentemente aumentan, pero son logo rebaixadas e a execución real de gasto no exercicio previsto é moio baixo e claramente en declive. Así, no seu conxunto, dos 306 millóns de euros que tiña o IGAPE para o trienio 2016–2018, unicamente executou 160, pouco máis da metade; deixando sen xestionar praticamente outro tanto. Esta situación é especialmente alarmante nos anos 2017 e 2018.

Os elementos nucleares dunha política industrial alternativa están claramente definidos. O ámbito institucional, o capital físico, chan industrial, transporte e loxística, a financiamento, e o capital humano, organización, innovación, internacionalización... Resulta evidente que cos datos do comezo podemos afirmar que o modelo de actuación pública dos gobernos de Feijóo na actividade industrial, en caso de que podamos aceptar que os ten, non funcionan.

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fraxilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento. Ademais da incerteza do escenario económico internacional, temos as propias incertezas dos elementos disruptivos do cambio tecnolóxico, que sen dúbida vai afondar na necesidade de redefinir os mecanismos de actuación do ámbito público na actividade industrial.

A aparición de novas actividades e novas formas de producción, obriga ao ámbito público a reforzar esta transformación estrutural. O elemento central deste novo escenario da producción industrial é o coñecemento que tería que conducir a nosa economía cara unha maior produtividade que permitira á súa vez unha mobilidade no emprego que permitiría absorber os empregos prescindibles no novo escenario.

Necesitamos unha política industrial que faise fronte ás necesidades sectoriais e conxunturais da nosa industria nestes momentos de cambio. Desafíos moi variados e diversos segundo o sector que se analice. Neste eido cabe comentar especialmente os problemas que afectan a industria dun xeito horizontal, é dicir, que inciden, en maior ou menor grao, en todas as ramas industriais.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas. É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non só dos sectores industriais más intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0. E aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea.

Necesitamos desenvolver unha Estratexia Galega de Modernización Industrial e Competitividade que nos permita mellorar a nosa competitividade, tendo un conta o noso contexto, no que

estamos por debaixo da media europea en grandes empresas, e temos un importante número de PEMES que precisan axuda. Os escenarios de competencia son dous ben diferentes, fronte a aqueles territorios con altas taxas de inversión en I+D+i, e con aqueles outros que teñen a vantaxe de baixos custos laborais e medioambientais. Estratexias que teñen que definirse necesariamente nun acordo cos axentes económicos e sociais para que sexan efectivas.

A TRANSICIÓN ECOLÓXICA COMO FONTE DE RIQUEZA.

A enerxía é un dos motores de creación de emprego do sector industrial, tanto no seu sentido más estrito (producción de electricidade ou combustibles) como nos servizos relacionados con esta (fabricación de compoñentes, enxeñerías, instaladores, montadores...) sendo fundamental un uso ordenado dos recursos enerxéticos para acadar o desenvolvemento económico sostible e sostido. A actividade económica relacionada co sector enerxético crea postos de traballo de alta cualificación e elevado valor engadido, e ademais ten un importante efecto tractor coa creación de milleiros de postos de traballo inducidos en sectores afíns. Os socialistas galegos e as socialistas galegas somos conscientes da importancia da explotación enerxética ordenada, tanto para economía en xeral como para as familias galegas.

7. O FUTURO DE GALICIA PASA POLO DESENVOLVEMENTO AGROPECUARIO

Os principais indicadores nos din que o medio rural galego languidece. As causas son múltiples e profundas, pero en todas elas aparece o falta de acción política por parte da Xunta de Galicia para reverter esta situación e facer que o noso rural - que supón o 90% do noso territorio - sexa atractivo para vivir nel e vivir del.

A caída da actividade agraria é a principal causa da recesión demográfica. A día de hoxe soamente o 17% das persoas traballadoras dos nosos concellos rurais dedícanse directamente a traballos no sector agrario.

Sen embargo os nosos gandeiros e selvicultores levan demostrando que son capaces de producir e producir ben; dous datos: Galicia produce a metade da madeira de España e o 40% do leite. O que está a acontecer e que dita capacidade produtiva concéntrase en zonas cada vez más pequenas quedando a maior parte do territorio galego en abandono.

En 2012 o Goberno do Partido Popular decreta a desaparición da Consellería do Medio Rural e a súa fusión coa Consellería do Mar. Ese é o mellor exemplo da importancia que se lle ten outorgado ao medio rural neste decenio, o cal tense caracterizado por:

- Incapacidade de xestión. Por primeira vez, Galicia perde fondos europeos da Política Agrícola Común por incapacidade de xestionalos. En 2015 Galicia vese na obriga de devolver ao orzamento comunitario 55 millóns de euros de fondos destinados por Bruselas aos gandeiros e labregos galegos por non ser quen de xestionalos en prazo pola Xunta de Galicia (Programa de desenvolvemento rural 2007-2013). Galicia aproba o seu programa de desenvolvemento rural para o período 2014-2020 con máis dun ano de retraso, no furgón de cola non só das Comunidades Autónomas, senón dos xestores de fondos europeos a nivel da UE.
- Priorización dos intereses de partido, fronte aos intereses do país. O goberno do Partido Popular en 2009 hereda un Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia de máis de 1.500 millóns de euros aprobado por un Goberno de progreso, no que a Administración Xeral do Estado se compromete a achegar máis de 320 millóns de euros. En 2012, esa aportación comprometida da Administración Xeral do Estado co acordo do goberno da Xunta se reduce en máis de 134 millóns de euros. Na seguinte negociación en 2015 entre os dous Gobernos do Partido Popular, a achega da Administración Xeral do Estado redúcese preto de 100 millóns de euros adicionais.
- Carencia de proxecto e de liderado para o medio rural. A política en relación co medio rural ven caracterizada por unha falta absoluta de estratexia, nin rumbo definido, o momento senlleiro veu caracterizado pola propia desaparición da Consellería do Medio Rural. Neste decenio de Partido Popular a vida media das conselleiras/os do Medio Rural está en dous anos e medio, con cambios de equipos directivos constantes, nos que o único común denominador era o nulo coñecemento dos problemas do medio rural, obedecendo os citados nomeamentos pura e exclusivamente a dinámicas partidarias. No último período, esta falta de liderazgo e de proxecto chegou ao extremo de ter que subcontratar por parte da Consellería a definición das liñas estratéxicas e prioridades da Xunta de Galicia para o medio rural.

- Ausencia de medidas de mobilidade das terras e ordenación dos usos do solo. A actuación da Xunta limitouse a xestionar o día a día, e a esparexer as axudas derivadas principalmente dos fondos europeos, asumindo como inevitable o declive continuo do medio rural. Sen preocuparse, nem plantexarse sequera, a aplicación de medidas para construír un novo rural adaptado aos tempos actuais e ás demandas dos seus habitantes.
- Houbo unha carencia dunha estratexia e políticas activas para o desenvolvemento das principais producións agrarias, con ausencia de políticas activas para o desenvolvemento da industria agroalimentaria ou para a organización das relacións entre produtores agrarios, industrias e cadeas de distribución así como para a dotación de servizos básicos, para a poboación e as empresas, nas áreas rurais.
- Abandono da I+D+i agraria. A situación do persoal investigador da Consellería do Medio Rural caracterízase polo abandono e a práctica extinción do persoal investigador nos Centros de Referencia da Consellería do Medio Rural, como o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán ou a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. A situación do CIAM de Mabegondo resulta especialmente dramática ante a práctica xubilación, sen reposición, da totalidade do persoal investigador do centro, co que se está a deixar a esmorecer unha institución senlleira para o medio rural, cunha historia de máis de 40 anos de investigación e transferencia tecnolóxica ao agro galego.
- Centros de investigación que se quedan sen persoal investigador, como os Centros de Formación dependentes da Consellería do Medio Rural se atopan en condición precarias, invistense máis de 14 millóns de euros en crear unha “Finca-escaparate” en Sergude, un novo Gaiás, mentres o medio rural esmorece, ou se suprimen as labores de ordenación do territorio agrario.
- Descapitalización dos recursos propios do medio rural procedentes da Política Agrícola Común. A xestión dos fondos da Política Agrícola Común en Galicia, máis de 300 millóns de euros anuais, veu caracterizada polos continuos incumprimentos, neste período a Xunta de Galicia tivo que fazer frente a maiores correccións financeiras por defectos na xestión que en ningún

outro momento da historia da autonomía, polos retrasos inxustificados na xestión, e, especialmente, a partir do ano 2012, polo desvío de fondos da Política Agrícola Común en Galicia a xestores e beneficiarios alleos á Consellería do Medio Rural. En Galicia, fomos pioneiros, en destinar fondos da Política Agrícola Común a actuacións que no resto de España se financian con fondos FEDER, ou con fondos autonómicos, sustraendo eses fondos aos gandeiros e labregos galegos, como a banda ancha para polígonos industriais, pistas que non levan a ningures, parques infantís financiados con fondos da PAC en concellos que non contan cunha soa hectárea de superficie agrícola, rehabilitación de edificios públicos, ata o punto, que o principal beneficiario da Política Agrícola Común en Galicia é un empresa transnacional con sede en Madrid.

O medio rural galego ten que ser planificado de forma integrada coa creación de servizos de apoio a cidadanía e desenvolvemento económico específicos, para atender as necesidades e as características da xente e das actividades que alí se levan a cabo.

Segundo o lema Orgullosos do noso rural temos que recuperar a motivación da xente que vive na actualidade. Os factores clave van máis alá das propias accións sectoriais e deben ser feitas de xeito transversal para mellorar las condicións de vida da poboación rural e que pasa por accións como: incrementar a súa conectividade, a súa cualificación profesional, apostar pola teleassistencia, a telemedicina, manter uns servizos básicos de calidade, apostar polo mantemento da cultura propia e a custodia do territorio, o mesmo tempo se acercan os investimentos a formación e a universidade permitindo rexuvenercer e feminizar o territorio galego.

Darlle un xiro a administración deixando de ser un pozo de burocracia a proactiva que promova a coordinación e o desenvolvemento de estratexias convexas, interdepartamentais e interadministrativas, que poña en marcha iniciativas e apoie todas aquelas que xurdan nas aldeas e vilas galegas. Unha administración que escoute e fale co rural, que estea presente e anime a participar en tódolos foros a representantes dos diferentes sectores e territorios, non por falar, senón para facer propostas que se artellen posteriormente en cambios lexislativos e administrativos.

Toda a acción de mellora debe contemplar as claves do século XXI en calquera lugar avanzado como son sustentabilidade, innovación, asociacionismo e cooperación e más concretamente

aspectos chave como son o fomento da mobilidade de terras que permita reformar e ordenar as estruturas agrarias, de xeito que a superficie útil abandonada sirva para aumentar a base produtiva. Dar un impulso as concentracións parcelarias con acompañamento dun plan de avaliación ambiental e plans de aproveitamento de cultivos.

É preciso ter en conta o contexto no que nos desenvolveremos, este non é outro que a PAC, que no horizonte 2021-2027 indica que debemos apostar por: innovación, resiliencia, loita contra o cambio climático e mantemento de actividade rural. O cal abre unha grande oportunidade para a gandeiría, selvicultura e tamén para a agricultura en Galicia onde as condicións favorables do noso territorio nos poden axudar a producir de xeito sostible.

Relacionado coa PAC temos que ser conscientes da posibilidade de que os fondos globais se reduzan neste período. Por outro lado os cambios normativos (límites as axudas, etc.) poden supor que as medianas e pequenas explotacións galegas se vexan favorecidas no reparto se contamos cun goberno forte e intelixente.

A tendencia demográfica non asegura a taxa de renovación de actividade no campo galego. É preciso recorrer a incorporación de xente de fóra do campo para que se manteña a actividade naquelas zonas onde áinda permanece e crear novas iniciativas naquelas zonas onde xa non existe ou está a piques de desaparecer. Para levar isto a cabo é preciso apostar pola agricultura/gandeiría/selvicultura profesional (tamén a tempo parcial) que permita as persoas dedicar o seu tempo a desenvolver unha actividade agraria, sen ter que renunciar necesariamente a outra actividade.

As propostas para o campo deben ter en conta a tres tipos de colectivos: Personas que viven e traballan no rural, persoas que viven e non traballan no rural e persoas que non viven pero traballan no rural. Todos eles deben ver accións que lles permitan mellorar a súa calidade de vida e actividade.

8. O MONTE UNHA OPORTUNIDADE DE SOSTENIBILIDADE E RIQUEZA

O obxectivo é aumentar a produtividade e eficiencia do noso monte, facer máis competitiva a nosa industria forestal, activar a xestión forestal sostible e integrar o monte na sociedade e no

medio rural. Un futuro deseable para o sector forestal é que fose percibido pola sociedade como estratégico, e de que a súa transformación obtivésese un impacto positivo na riqueza e emprego de Galicia. Unha industria que aposte fortemente polo I+D+i., e no deseño de novos produtos que aumenten valor engadido. É preciso que a industria se integre coa propiedade para que o recurso estea dispoñible cando sexa necesario e o propietario participe da xeración de coñecemento. Necesitamos contar cun sector máis diversificado, planificado e transparente.

A XESTIÓN FORESTAL ACTIVA E A IMPRESCINDIBLE ORDENACIÓN TERRITORIAL

É necesario incorporar a dimensión territorial desde o inicio ás políticas públicas. Especial interese terá a planificación de actividades e usos do solo nas zonas desfavorecidas de montaña e nas que integran a Rede Natura 2000. Precísase intervir dun xeito claro favorecendo as actividades do ámbito da bioeconomía en toda a superficie rural de Galicia. Naquelhas áreas que foran restrinxidas polos seus valores ambientais deben ser especialmente consideradas para favorecer actividades de producción de bens e servizos que de non ser recoñecidas polo mercado terán que selo pola sociedade galega mediante o establecemento de pago por servizos ambientais ou ecosistémicos.

O FOMENTO DA RIQUEZA FORESTAL E A APOSTA POLA DIVERSIFICACIÓN DO USO DO MONTE

Galicia precisa un novo modelo de monte que debe atender á xeración de ingresos para a propiedade do terreo e as empresas forestais, así como para os impulsores doutros usos das terras de monte, é imprescindible cambiar a cultura forestal e o comportamento de persoas propietarias e empresarias. O cambio derivado do avance da “bioeconomía” constitúe unha oportunidade para Galicia, polas súas condicións climáticas e edafolóxicas.

A MOBILIZACIÓN PRODUTIVA DAS TERRAS, UNHA PRIORIDADE PARA FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO E O EMPREGO RURAL

O primeiro paso para lograr a mobilización produtiva das terras de aptitude agraria actualmente abandonadas é a reactivación do Banco de Terras. É preciso deseñar fórmulas para a posta en valor de terreos agrarios abandonados baixo a perspectiva de non modificar a titularidade da terra

pero si que incentive a posta en valor dos terreos e penalice o seu estado permanente de improdutividade. Os terreos agrarios só poderán ser aproveitados para usos agrarios, coas salvedades recollidas na actual lei de montes de Galicia. Trátase de que non haxa iniciativas produtivas no medio rural galego, que non poidan ser postas en marcha por falta de acceso á superficie agraria.

OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, UN ESPAZO DE OPORTUNIDADES

A Xunta de Galicia debe comprometerse a dar un forte impulso á redacción de Plans de Ordenación para as Comunidades de Montes. Poderán fixarse uns contratos de explotación que incluirán as contra prestacións económicas a recibir polas comunidades así como as condicións da concesión. A duración, sen posibilidade de prórroga, será como máximo a quenda da especie principal. A disposición polas comunidades dos rendementos debe ampliar o prazo para o investimento dos ingresos. A administración autonómica debe desenvolver un instrumento para favorecer a capacidade de negociación das comunidades de montes fronte ás empresas de producción de enerxía eólica, como un contrato tipo que oriente sobre prezos mínimos pola ocupación dos terreos. O Canon por producción nunca sería inferior ao 3%.

A ORDENACIÓN DAS ESPECIES FORESTAIAS. A REGULACIÓN DO EUCALIPTO

O eucalipto avanza impulsado por decisións de propietarios privados que teñen a expectativa dunha superior renda por hectárea e unha quenda de menor duración. É necesaria a inmediata diferenciación das superficies, repoboacións e aproveitamentos feitos polo *E. nitens* e *E. globulus*. A regulación da súa plantación, debe tomar como referencia o réxime de Portugal ou de Asturias.

A REGULACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS. O IMPULSO DA SUSTENTABILIDADE E A MULTIFUNCIONALIDADE.

O espazo forestal produtivo debe ser xestionado tendo en conta os efectos indirectos que provoca no risco de incendios ou na preservación da biodiversidade. O uso multifuncional do monte sempre produciu tanto beneficios ambientais, como a captación de CO₂, o control da erosión, a mellora da paisaxe... como beneficios sociorecreativas que permiten actividades como a caza, a pesca, actividades de lecer... Os efectos ambientais non producen rendas dinerarias para os

propietarios do terreo. Polo que a administración pública autonómica debe actuar en nome do conxunto da sociedade compensando aos propietarios polos servicios ambientais que produce.

Os montes en mosaico, onde convivan aproveitamentos silvopastorís de gandería extensiva coa producción de madeira e outros usos, incluída a producción agraria, reducen a continuidade dos lumes.

MODIFICACIÓN DA LEXISLACIÓN PARA ACADAR UNHA XESTIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO

Faixe necesario proceder a revisión da normativa de ordenación do territorio para poñela ao servizo dos mecanismos de control dos incendios e para facilitar a agrupación de fincas a efectos produtivos. Como primeiro paso e previo á aprobación da lei de ordenación do territorio será necesario aprobar a lei de avaliación ambiental de Galicia.

Os incendios forestais son o principal problema ambiental de Galicia. O lume é un síntoma de gran número de problemas que afectan nos últimos anos a gran parte do rural galego. Frente ao lume cultura (amais de prevención e silvicultura): o mellor lume é o que non se produce, polo que hai que apostar por apagar os lumes falando coa xente (o 95% dos lumes están relacionados con causas vinculadas as persoas, polo que a redución dos incendios forestais pasa por traballar activamente nas causas vinculadas a acción humana). De forma paralela hai que reverter o investimento en extinción en prevención activa (silvicultura, resolución de conflitos, investimentos na ordenación do territorio, incremento da valoración que se ten do monte,).

9. IMPULSAR DECIDIDAMENTE A PESCA E O MEDIO MARIÑO

O sector pesqueiro galego constitúe un sinal de identidade propia na historia e na realidade social de Galicia, constituíndo un elemento clave na nosa economía, así como un patrimonio inmaterial característico do país.

Con arredor dos 4.400 buques de pesca dos case 9.000 buques que existen en toda España, Galicia representa a primeira comunidade autónoma en potencia Pesqueira, cun peso relativo de case o 50% da frota estatal.

A pesca segue a ser, xa que logo, unha das actividades económicas fundamentais para o tecido produtivo de Galicia tanto a nivel de pesca extractiva e na acuicultura, como na transformación e comercialización de produtos pesqueiros a nivel nacional e europeo, onde Galicia representa octava rexión pesqueira a nivel da Unión Europea. Ben sexa a través de frota artesanal en caladeiro nacional ou de altura e gran altura, Galicia segue a ser unha potencia pesqueira de referencia.

Pero este escenario non debe desviar a atención, pois a realidade da pesca galega pola contra, dista moito de atoparse nunha situación idílica. Xunto aos desafíos compartidos con outras rexións españolas e europeas ás que se confronta a pesca galega, existen factores endóxenos moi preocupantes que están debilitando o futuro e a puxanza da pesca galega.

Así, fronte aos desafíos externos como o impacto do cambio climático nas especies e capturas, as novedades normativas europeas como a obriga de desembarque, a escaseza de tripulantes e vocacións mariñeiras, a antigüidade da frota, as basuras terrestres no mar, as cada vez más complexas negociacións sobre os TAC e cotas para a pesca galega que ameazan o noso sector da pesca artesanal ou o enigma do impacto do Brexit, temos que unir a crecente febleza institucional e falla de gobernanza do sector da pesca galega por parte da Xunta de Galicia.

O balance do governo de Feijóo na pesca é fondamente negativo: menos emprego no sector, problemas coa asignación de cotas, fracaso de interlocución e falla de diálogo co sector, peor calidad de vida para os pescadores, escaso aproveitamento do fondo FEMP, errática e dubidosa xestión e apoio a proxectos por parte dos Grupos de Acción Local Pesqueira, escasa planificación e xestión do recurso, avelantamento da frota ou mesmo descenso pronunciado do consumo de peixe entre as poboacións más novas...

En apenas 10 anos, Galicia perdeu máis de 500 embarcacións pesqueiras e as afiliacións á seguridade social nos réximes e ramas de pesca e acuicultura caeron case un 20% dende o ano 2009. Se falamos de marisqueo, fai dez anos tiñamos segundo datos EPA 4.755 permisos de marisqueo a pé, hoxe con Feijóo temos 3.797.

A perda de emprego no mar non foi, xa que logo, acompañada con accións e enfoques tendentes á renovación de vocacións mariñeiras, e hoxe, a pesca segue a ter unha imaxe desalentadora para

moitos mozos e mozas que poderían dedicarse a un sector con futuro e tradición no noso país. Unido ao progresivo avellentamento das actuais tripulacións, nos atopamos cunha importante ameaza á sustentabilidade futura do sector pesqueiro en Galicia. Podemos afirmar que hoxe, menos xente en Galicia vive do mar e o propio sector pesqueiro galego é cada vez máis dependente de tripulacións foráneas para poder continuar a súa actividade.

A este problema de renovación xeracional, temos que unir un problema engadido: a importante burocracia, fragmentación e dificultade existente á hora de acceder á formación e os permisos para poder traballar no mar. É preciso liderar a nivel galego e estatal un traballo de simplificación e racionalización da acción necesaria e conxunta de todas as administracións implicadas para facilitar que calquera persoa que o deseche, poida acadar a cualificación profesional e legal precisa para poder embarcar e dedicarse á actividade Pesqueira sen que iso menoscabe a súa seguridade laboral ou coberturas.

Pero ademais dunha deficiente visión do presente e futuro da propia actividade laboral no eido da pesca, a súa propia sustentabilidade está condicionada tamén por outros factores que a determinan. A xestión do propio recurso, a sustentabilidade social e a mellora das condición laborais da pesca, unidos ao avance tecnolóxico e innovación científica na procura da competitividade do sector, teñen que ser conxugados e armonizados de xeito activo polo goberno da Xunta na defensa dos intereses da pesca galega en todas as institucións públicas, así como co diálogo e planificación do sector.

Unha pesca con futuro é ante todo, unha pesca sustentable entendida dende criterios de durabilidade e equidade dentro dun marco de protección do recurso mariño pero dentro dun enfoque de rendemento económico e ambiental sustentable pero tamén, e fundamentalmente, social, dentro da cal, a mellora das condicións laborais e de seguridade, pero tamén o apoio á incorporación en termos de igualdade do traballo feminino neste sector son desafíos fundamentais, aspectos aos que á frota galega deberá enfrentarse coa entrada en vigor do Convenio núm. 188 de la OIT sobre o traballo na pesca.

O PSdeG aposta por impulsar medidas que favorezan a incorporación de homes e mulleres á actividade pesqueira, e para iso é necesario no só facer cambios na formación senón tamén que se perciba unha aposta das institucións por este sector e que se perciba polo tanto como un sector

con futuro e rendible. Porque a pesca non é só importante polo emprego que xera, senón que é fundamental para fixar poboación e realizar unha correcta xestión dos nosos recursos e materias primas, que contribúen a soportar a nosa economía e medio mariño.

Porque estes anos do goberno de Feijoo, foron tamén os do esmorecemento institucional do andamiaxe institucional que nos proporciona o Estatuto de Autonomía de Galicia. Á febleza institucional tivemos que ver como se lle unía a escasa iniciativa e apoio ao sector científico técnico e investigador. Mentre observamos como esmorecían centros dependentes da Xunta de Galicia como o INTECMAR ou o propio Centro Tecnolóxico do Mar, a pesca galega facíase máis dependente de entidades e organismos de investigación externos, cando o grosor da frota estatal se atopa en Galicia. É por tanto preciso, un claro pulo á investigación e desenvolvemento das nosas propias ferramentas e aparato institucional para estar non só á vanguarda da actividade Pesqueira, senón tamén da xeración de coñecemento útil para o noso sector e a correcta planificación e defensa do noso recurso, frotas e caladoiros.

O PSdeG aposta porque o sector teñas as mellores ferramentas dispoñibles a súa disposición para a defensa dos seus intereses, sendo responsabilidade da Consellería do Mar, sen prexuízo das iniciativas privadas, facilitar as ferramentas esenciais, como as relativas á investigación sobre os estados dos stocks que afectan á flota galega, pois o descoñecemento do estado dos recursos provoca incerteza sobre o seu futuro e decisións non sempre acaídas á realidade que castigan á frota galega.

A heranza do goberno Feijoo por tanto, é o dunha escasa gobernaza do sector pesqueiro galego, que nin participa nin é escoitado, o que xunto co escaso impulso aos mecanismos de apoio científico, amosan un panorama moi preocupante que ten levado por acción ou omisión, a deficientes resultados de reparticións de cotas de importantes especies para as nosas frotas e artes no caladoiro nacional, polo que é preciso impulsar medidas políticas que podan conllevar unha redistribución mais equitativa destas cotas, co apoio dos centros de investigación, estudios e informes que avalen tanto esta redistribución a nivel do Estado, como cambios relativos á consideración da existencia a nivel internacional de stocks específicos. Só así, Galicia poderá dotarse de razóns e argumentos para facer valer ante as institución españolas, europeas e internacionais, os dereitos da frota galega

A colaboración entre a comunidade pesqueira e a comunidade científica debe estar por tanto, liderada pola Xunta de Galicia, sobre a base da estreita interdependencia que existe entre por tanto entre a dimensión económica, a social e a ambiental da acción Pesqueira galega.

Xunto a esta situación de escasa capacidade de impulso do sector, atopamos tamén unha parálise durante estes 10 anos no regulamento e a propia xestión da actividade Pesqueira no eido da comercialización. Os escasos intentos de mellorar as instalacións portuarias e infraestruturas e a coordinación da comercialización e a atomización da mesma nun sistema de lonxas moitas veces moi pequenas e escasamente coordinadas, son un claro síntoma de que a nosa pesca non está preparada para afrontar os retos de futuro da comercialización nun mercado global.

Os baixos prezos de primeira venta e un fracaso estrepitoso da estratexia de diferencia da pesca das nosas rías, non permitiron a mellora da imaxe dun produto como o galego, que tiña xa unha alta fama en orixe, mentres a estratexia errática na promoción da comercialización e do consumo, ou a aparición de múltiples marcas de calidade locais ou de escaso alcance, impediron dar no mercado estatal e internacional unha clara imaxe dos produtos da nosa pesca e acuicultura.

O PSdeG aposta por unha acción de goberno que apoie a todas as frotas: baixura, altura, gran altura, e tamén a actividade da nosa acuicultura e sector transformador, do cal o sector conserveiro é un claro exemplo, como pezas fundamentais para seguir mantendo o importante tecido produtivo que vive arredor da pesca e non só manter o importante tecido social e económico que del depende, senón tamén seguir subministrando á poboación galega un alimento moi nutritivo e saudable, capturado dun xeito respectuoso e sustentable, como fai a frota galega.

E este esforzo, debe estar tamén en consonancia coa boas xestión do recursos e do propio medio mariño. A mellora o estado dos stocks, a redución dos impactos negativos de ameazas como o quecemento global, a contaminación, a progresiva eliminación e control de deficientes usos do litoral ou a propia adaptación da actividade pesqueira (lixos mariños, eficiencia enerxética das embarcacións,...) deben ser elementos retores da actuación da Xunta de Galicia dentro dun contexto europeo que aposta pola ordenación do espazo marítimo integrado e promoción da conservación da biodiversidade apostando polo establecemento de zonas e espazos mariños protexidos con diferentes ordenacións da actividade pesqueira. Un enfoque no que é preciso

incorporar un Plan de Rexeneración Integral das Rías Galegas, que permita conciliar a defensa do medio coa sustentabilidade, salubridade e seguridade dos recursos mariños.

Un aspecto fundamental que tamén impulsaremos os e as socialistas son as medidas que garantan a seguridade marítima tanto pesqueira como de mercancías, para evitar accidentes que poidan ter consecuencias económicas e medioambientais para o noso país como representan os accidentes marítimos que, anos despois da traxedia do Prestixe, inda se repiten xerando unha fonda preocupación social e ambiental.

Neste censo, compre destacar o deficiente e escasamente ambicioso desenvolvemento e aprobación da nova Lei de Portos de Galicia, aprobada no ano 2017, e que non afronta nin os problemas do sector nin o necesario desenvolvemento das ferramentas normativas que permitan mellorar o planeamento dos nosos portos, a súa coordinación cos portos de titularidade estatal ou afrontar os retos dun desenvolvemento sustentable co entorno dando un servizo de calidade.

Estes cinco elementos, por tanto, o impulso á renovación xeracional, o emprego e actualización das nosas frotas e artes de pesca, a mellora da gobernanza pesqueira, o impulso científico-técnico, a xestión do recurso e o medio mariño e a mellora da promoción e da comercialización, deben ser os pilares dunha nova estratexia galega do mar.

A elaboración dunha Estratexia Galega do Mar e do Sector Pesqueiro e Acuicultura debe ser, por tanto, unha das apostas más importantes do próximo goberno galego para determinar unha folla de ruta integral que permita orientar a xestión pesqueira, acuícola e das industrias relacionadas. Debemos impulsar a posición de Galicia á cabeza da innovación no sector pesqueiro e medidas tendentes á apoiar o I+D+i pesqueiro e de transformación que nos permitan situar a Galicia na senda da sustentabilidade da súa pesca para continuar sendo un sector de futuro e referente en España e no mundo.

10. DEFENSA DO COMERCIO E ARTESANÍA DE GALICIA

Os cambios no modo de consumir, a extensión das compras vía Internet e a competencia das grandes áreas comerciais ameazan a supervivencia do comercio. Nalgúns zonas a regresión

demográfica introduce unha incerteza adicional, que afecta á riqueza do tecido comercial nas vilas pequenas e medias.

E sen embargo, o comercio fai comunidade. E o sector do comercio minorista é fundamental no noso país para a pervivencia dunha rede de cidades e vilas vivas e con actividade económica que permitan fixar poboación no territorio e desenvolver proxectos vitais aos galegos e as galegas.

O acerto dos protagonistas, os comerciantes actuais ou futuros será decisivo. Pero desde o ámbito autonómico comprometémonos a activar un conxunto de fomento da actividade comercial nas vilas e cidades de Galicia que afecte non só ao comercio, senón tamén ao tecido artesán de Galicia.

Un conxunto de medidas que terá como obxectivo a defensa do pequeno comercio, cun reforzamento na súa calidade mediante e fomento da modernización, formación, profesionalización e cooperación, incluíndo o impulso á transmisión familiar dos comercios para evitar a súa progresiva desaparición e impulsar a súa continuidade. Ao tempo que fomentar a modernización das prazas de abastos.

A artesanía de Galicia representa un dos elementos más singulares da nosa identidade creativa. É preciso por tanto, contar cun enfoque diferenciado da administración galega neste eido para impulsar e modernizar a súa labor, salvagardando os elementos de tradición que os identifican.

A artesanía galega non só é un sinal de identidade, senón que é unha actividade con futuro que debe perpetuarse e impulsarse cun plan de impulso á aparición de novos artesáns e creadores en tódalas áreas nas que estes se desenvolvan, sexan na creación de produtos e servizos, actividades alimentarias, agasallo, etc...

A labor nestes anos da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño tivo unha repercusión escasa e pouco orientada cara as necesidades reais do sector, dependendo moitas veces do voluntarismo dos artesáns a súa participación nas mesma, e sendo claramente insuficiente, polo que os socialistas queremos impulsar a súa actividade.

11. UN SECTOR TURÍSTICO DIVERSIFICADO E MODERNO

O sector turístico en Galicia representa máis dun 10% do PIB e un 11% do total de empregos polo que supón un importante sector, tanto para a estrutura económica do país como polo que significa de oportunidade de negocio e emprego para os galegos e as galegas; desenvolver un turismo sustentable, integrador, rendible económica e socialmente e moderno son as vías prioritarias polas que debería transcorrer o sector.

A falta dunha política turística ben planificada, capaz de prever novas tendencias e mantida no tempo nos ten deixado un sector estancado, pouco adaptable, pouco vertebrador e incapaz de crecer de xeito intensivo, mellorando a produtividade nas áreas de recepción habitual de turistas (as costas e as grandes urbes) e incapaz de atraer visitantes a novas zonas.

Unha estratexia capaz de aumentar o noso atractivo para o visitante debe atoparse complementado con políticas que veñan a reducir a masificación e xentrificación, non supor unha eiva nas condicións de vida dos galegos, ben á contra, etnografía, arquitectura, medio natural e economía xeran un círculo virtuoso que permite a Galicia ser vista como un destino diferente e auténtico, planificar sen destruír o que somos garante sustentabilidade a longo prazo.

Galicia atópase ante a tarefa colectiva de estruturar un modelo que poida espallarse no terreo, desestacionalizado e xerador de empregos dignos -estables, correctamente remunerados e con xornadas razonables- ser, en suma, fonte de riqueza, estabilidade e cohesión territorial e social.

Ao longo dos diferentes gobernos de Feijoo Galicia ten perdido un 9,5% dos empregos nos establecementos turísticos, ao tempo que no conxunto do estado creceu un 9%; unha parte importante da experiencia turística está relacionada co factor persoal polo que investir na profesionalización e mellora das condicións laborais do sector suporá un incremento da rendibilidade do sector e robustecerá a imaxe do destino Galicia, o que se traduce en máis e mellor turismo futuro.

Nos anos de goberno de Feijoo ten desaproveitado moitas das oportunidades xurdidas entre as que se atopan: a mellora da situación económica da veciña Portugal, a dispoñibilidade de grandes bolsas de financiamento do FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), as melloras

tecnolóxicas que permiten a dixitalización ou a democratización do turismo derivada do xurdimento das compañías aéreas *low cost*.

Non ter subido, de momento, ao tren da dixitalización ten sido clave á hora de incrementar unha rendabilidade que supón un dos maiores problemas do modelo da Xunta de Galicia, como amosa que o gasto realizado polos turistas estranxeiros veña de decrecer máis dun 27% no último ano. Implantaremos o Plano Intelixencia Turística que pivotará ao redor da AMTEGA, como un modelo de colaboración público privada coa participación das Universidades Públicas Galegas, co obxectivo de dixitalizar o sector. Saber quen nos visita, cales son as súas motivacións, comportamento ou a evolución dos gustos pasa por ser unha clave fundamental para a planificación e a adaptabilidade da nosa oferta como destino, reducindo ao tempo a incertidume na hora de realizar novos investimentos, reorientando esforzos e detectando oportunidades latentes naqueles espazos nos que a explotación dos servizos turísticos permite o afloramento de novas oportunidades rendibles.

As novas claves do turismo difuminan cada vez con maior intensidade os motivos de visita, hoxe non se pode falar de turistas puramente relixiosos, de eventos, industriais, culturais, de congreso, de natureza ou deportivos; os novos xeitos de facer turismo levan á búsqueda da multiexperiencia.

Neste contexto a diversidade orográfica, paixasística e social do país xoga como unha importante ventaxe competitiva e unha oportunidade para a desestacionalización da oferta, é indiferente que o reclamo inicial sexan as grandes cidades, o camiño de Santiago, os bens patrimonio da humanidade, as praias ou a riqueza paisaxística e etnográfica do interior; a demanda hoxe esixe de ser xestionada como un todo, integrando o conxunto das categorías tradicionais. Ben é certo que a complementariedade da oferta obriga a establecer nexos coas comunidades veciñas e Portugal, aproveitando a non existencia de fronteiras e as ligazóns históricas e culturais.

O mellor exemplo dunha eficiente política de colaboración atópase na ruta portuguesa do Camiño de Santiago, que si ben comeza en Lisboa e pasa por Oporto, para a información que ofrece a Xunta de Galicia, comeza en Tui, potenciar este camiño conllevaría unha oportunidade para a desconxestión do saturado Camiño Francés, a implicación de novas comarcas e atraer turistas portugueses e doutros puntos interesados e complementar a visita á capital portuguesa coa experiencia do camiño.

Un factor esencial para a potenciación da oferta turística e consecuentemente da produtividade do sector é a mellora das condicións dos establecementos turísticos, sendo necesario incrementar a profesionalización do sector, a renovación e modernización das estruturas e unha actualización lexislativa que a modernice e homologue coa europea, normas de importancia como a Lei de Turismo de Galicia data de 2011 ou o Decreto de establecementos de turismo rural de 2004, a falta dun marco regulador moderno pode ser o causante de que os ingresos medios por habitación nos hoteis galegos sexa menos da metade que no conxunto de España, ou que a estancia media en establecementos de turismo rural en Galicia non chegue aos dous días, mentres que no conxunto do estado supera os tres días.

UNHA ADMINISTRACIÓN LIMPA, TRANSPARENTE, EFICIENTE E AO SERVIZO DA CIDADANÍA

DEZ ANOS DE AXUSTES E DUNHA ADMINISTRACIÓN PARTIDISTA

Unha das consecuencias da fonda crise económica foi a erosión na confianza nos representantes políticos e nas institucións que representan á cidadanía. A demanda de maior transparencia e participación foi un dos resultados da reflexión colectiva: precisamos establecer canles e instrumentos de participación colectiva na acción política así como de abrir as xanelas para evitar corruptelas e clientelismos.

Seguimos confiando no papel central da democracia representativa como forma política que da igual peso a toda a cidadanía nas decisións e que somete a acción dos gobernantes á avaliación periódica nun marco de liberdades e dereitos. Por máis que conveña sempre perfeccionala e adaptala aos tempos.

Nos últimos anos instalouse tamén a idea de que as autonomías son un lastre, por ser demasiado custosas e ineficaces. Pero en Galicia coñecemos ben os custes do centralismo, que experimentamos até hai menos de 40 anos, en termos non só de negación da nosa identidade colectiva senón tamén de atraso e condición periférica. Só coa democracia autonomista impulsamos o progreso e o benestar, ao tempo que defendemos a nosa lingua e cultura .

A administración conservadora na Xunta de Galicia nos últimos dez anos caracterizouse por publicitar melloras en transparencia, rendición de contas ou eficacia que logo non se vían reflectidas nas súas políticas concretas. Aplicando fórmulas que impedían a concreción dos obxectivos proclamados (creación de Comisións de Investigación no Parlamento de Galicia; falla de apoio ao Consello de Contas para desenvolver tarefas anti-corrupción), posicionándose contra todas as medidas de control efectivo da corrupción (impulso aos denunciantes internos, fiscalía anti-corrupción...), facendo da transparencia unha materia pendente, fraccionando contratos e utilizando procedementos de adxudicación escasamente transparentes, como ten denunciado o Consello de Contas, utilizando procedementos clientelares (o que primeiro chega...) para a atribución de subvencións, utilizando procedementos extraordinarios, como a Lei de acompañamento, para as modificacións normativas, evitando o necesario debate parlamentario e a participación de organismos consultivos, establecendo relacóns de vantaxe para as administracións municipais gobernadas polo Partido Popular.....

Por tanto, convén, despois de varias décadas de autogoberno, revisar tanto os procedementos internos para garantir a eficacia, evitando á cidadanía e aos axentes económicos tempos de agarda excesivos ou procedementos farragosos, como mellorar as capacidades da Xunta de Galicia nun marco constitucional e igualitario.

Compre rexeneraros mecanismos de rendición de contas e de transparencia, así como de corresponsabilidade da cidadanía nas decisións políticas. Compre impulsar o autogoberno, democracia participativa, transparencia e corresponsabilidade das decisións políticas entre representantes e representados. Compre reducir a burocracia para sermos más eficientes e competitivos sen renunciar a protexer bens públicos e patrimoniais.

Hoxe máis que nunca, a cidadanía é o actor preponderante de calquera sistema, esixindo mecanismos directos de participación na proposta, deliberación e toma de decisión dos proxectos políticos. Para elo precisa dunha información precisa e ampla.

1. A NECESARIA REFORMA EN PROFUNDIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O PSdeG-PSOE proponse no período 2020-2024 facer de Galicia a administración española cun estándar máis elevado de calidade en transparencia, bo goberno e goberno aberto, introducindo un cambio cultural e de modelo en Galicia que permita á cidadanía coñecer, participar e colaborar na xestión dos asuntos que lles atinxen, evolucionando do goberno para a cidadanía ao goberno coa cidadanía.

Para o que promoverá as condicións organizativas e prácticas de xestión de persoas no Sector público Autonómico (SPA) para favorecer a innovación, a boa gobernanza na actividade e o funcionamento da Administración autonómica.

A lexitimidade social das administracións públicas só se pode acadar se son transparentes á hora de tomar decisións e de administrar adecuadamente as finanzas públicas e, ademais, se prestan servizos de calidade e de forma eficiente. Para lograr este obxectivo faise preciso redeseñar as institucións autonómicas para que estean ao servizo da cidadanía pola vía da transparencia, a rendición de contas e a avaliación das políticas públicas. A lei de transparencia estatal e a autonómica vixente foron un bo primeiro paso necesario, hoxe xa non son suficientes.

ADMINISTRACIÓN ABERTA Á CIDADANÍA

Os socialistas galegos apostamos decididamente por gobernar sometendo á análise da sociedade civil as decisións de goberno: gobernar coa cidadanía. Temos que darlle protagonismo á sociedade civil para recuperar o valor das institucións por medio do aperturismo nas mesmas, levando ao ámbito autonómico as mellores experiencias no ámbito municipal e provincial.

Temos como obxectivo que a cidadanía colabore na creación e na mellora dos servizos públicos galegos e no robustecemento da transparencia e a rendición de contas, apostando por un modelo de Administración aberta.

Unha administración con portas e xanelas abertas, postos que dende o PSdeG-PSOE consideramos esencial dar a toda a cidadanía galega o máximo de información, no maior número posible de canles e cunha dispoñibilidade o máis inmediata posible.

ADMINISTRACIÓN EXEMPLAR SEN CORRUPCIÓN

O goberno galego ten que dar un paso decidido na Integridade Institucional, sen prexuízo das medidas que no futuro se adopten na Estratexia nacional de loita contra a fraude recomendada pola UE a todos os Estados membros, apostando por efectuar unha serie de medidas normativas, de planificación e actuacións concretas, cara a promover unha cultura ética e de cumprimento e prevención da corrupción no exercicio das funcións públicas, establecendo uns parámetros exemplares para avaliar o cumprimento do Código Ético Institucional por parte das persoas servidoras públicas.

Con controis para impedir a realización de actos contrarios á ética e conduta institucionais, con plans de prevención de riscos da corrupción, definindo o ámbito de formulación e os órganos independentes encargados da súa elaboración, aprobación e vixilancia.

Establecendo plans de formación, capacitación e actualización para os servidores públicos, con énfase na ética e integridade, na administración de riscos e na prevención de posibles actos de corrupción.

Obrigando ás formacións políticas que perciben fondos públicos a afondar nos seus canles de transparencia.

Creando un marco normativo para mellorar o control da contratación co cumprimento efectivo en materia de publicidade contractual e ca implementación de cláusulas sociais, en negociación cos axentes sociais representativos, para evitar a precarización do persoal empregado.

Elaborando en relación cos convenios e subvencións, un marco normativo sustentado nos principios de obxectividade e transparencia, ao tempo que establecer unha senda de progresividade para conseguir avanzar na concorrencia competitiva de todas as axudas públicas.

UNHA ADMINISTRACIÓN MAIS EFICIENTE, DIXITALIZADA, QUE INVISTE NO SEU PERSOAL

É necesario modernizar o funcionamento e estrutura das Administracións para dar unha resposta eficaz aos problemas derivados da realidade actual. Modificando a estrutura, modernizando os procedementos, impulsando unha xestión dos recursos humanos que prime a competencia e a responsabilidade. Ademais, cremos que é posible unha mellor distribución de traballo autonómico eliminando certas axencias, ou organismos paralelos ao servizo das consellerías.

MODERNIZACIÓN DA CONTRATACIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA

Igualmente é necesario proceder a modernización da contratación pública da Xunta de Galicia.

A contratación pública representa case un 20% do PIB da Unión Europea, semella obvio que dada a súa relevancia debe desempeñar un papel nodal para o desenvolvemento económico de Galicia, pero tamén de impulso cara a unha economía sostible, hipocarbónica, eficiente no uso dos recursos e competitiva, na que se teñan en conta non só criterios puramente económicos, senón de ciclo de vida dos produtos, sociais, ambientais e laborais.

As decisións que se adoptan no ámbito da contratación pública non son neutras, non son cuestións meramente técnicas, inciden na calidade dos menús dos comedores das escolas infantís da Xunta de Galicia, incide na potenciación dunha economía circular, que contribúa aos

obxectivos da sostenibilidade económica e medioambiental, incide no día a día das galegas e galegos.

A contratación pública da Xunta de Galicia nos últimos anos caracterizouse por unha carencia absoluta dun enfoque estratéxico, malia as externalizacións masivas de servizos públicos, xa sexa vía contratación pública ou vía encomendas de xestión, a contratación pública a día de hoxe da Xunta de Galicia caracterízase por:

- Minifundismo na xestión, pluralidade de órganos de contratación que carecen dunha mínima estrutura de coordinación estratéxica común á Comunidade Autónoma. En 2020 a Administración da Xunta de Galicia carece da más mínima estrutura de xestión de compras centralizadas de produtos y servizos de uso común. En 2020 Galicia carece dunha Central de Compras da Xunta de Galicia.
- Corrupción de baixa intensidade en torno á contratación menor e o fraccionamento artificial dos contratos. Abuso e máis que abuso da figura das adxudicacións vía contratación menor sen publicidade nin posibilidades de concurrencia pública. A día de hoxe unha Axencia Pública Autonómica como AMTEGA está a realizar máis de 250 contratos menores anuais adxudicados directamente sen publicidade nin concurrencia efectiva. No último informe do Consello de Contas nesta materia reportábase máis de 661 contratos menores anuais pola Consellería de Medio Ambiente, 399 da Consellería do Mar ou 524 da Consellería do Medio Rural.
- Renuncia explícita á racionalización da contratación pública de Galicia. En 2020 Galicia carece dun Plan de Contratación Pública Ecolólica, dunha apostas por unha Contratación Pública Electrónica que vaia máis alá de dixitalizar a práctica analólica, *do papel ao pdf*, sen valores engadidos adicionais.
- Concentración das ofertas e prácticas anticompetitivas. Existen ámbitos de actividade da Xunta de Galicia cun déficit evidente de competencia nos mercados da contratación pública, nomeadamente no ámbito das TIC.

É preciso pois apostar por unha contratación pública estratéxica, en aras dunha integración real dos requisitos ambientais, sociais e laborais nos procedementos de contratación pública da Xunta de Galicia.

MODERNIZACIÓN DA XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A xestión dos recursos humanos da Xunta de Galicia debe partir da convicción da súa consideración como o principal activo da organización, o auténtico recurso estratégico do autogoberno de Galicia. Cando falamos de recursos humanos da Xunta de Galicia estamos a falar das mestras e mestres das nosas fillas e fillos, do persoal sanitario, do persoal das escolas infantís, dos xestores de fondos europeos, dos que velan pola eficiencia e eficacia do gasto público, dos que loitan contra o mal uso dos recursos de todos,...

A xestión dos gobernos sucesivos da Xunta de Galicia veu caracterizada no etapa 2009-2020:

- Recortes masivos das condicións de traballo dos empregados públicos, Galicia foi a pioneira na senda de recortes permanentes dos dereitos dos empregados públicos: recortes económicos, desaparicións dos fondos de acción social, redución de prazas vía orzamentos á marxe das Relacións de Postos de Traballo,...
- En paralelo, externalizacións de servizos antes prestados por empregados públicos, co conseguinte encarecimiento das prestacións e perda de garantías nos servizos. Exemplos paradigmáticos no ámbito dos TIC, os enxeñeiros informáticos da Xunta de Galicia dedícanse en esencia ao seguimento de contratos públicos, á marxe das súas cualificacións técnicas, no ámbito sanitario, no ámbito educativo, ...
- Incumprimento sistemático de mandatos legais: inexistencia de concursos específicos para as xefaturas de servizo, malia as sucesivas promesas, inexistencia do concurso de traslados permanentes, malia as sucesivas promesas, retrasos reiterados nas Ofertas de Emprego Público,..
- Despilfarro de recursos económicos en aplicativos informáticos que caducan en cuestións de meses, que non responde as necesidades efectivas, sen aproveitar sinerxías coa Administración Xeral do Estado.
- Falta de profesionalidade nos procesos selectivos de persoal. Os procesos selectivos de empregados públicos seguen a descoñecer a realidade dixital, as novas formas de gobernanza pública, novos modelos de xestión,..., e, a carecer dunha estrutura de xestión adaptada aos tempos, más alá do voluntarismo e a profesionalidade dos membros dos tribunais.

Apostaremos por unha política de xestión de persoal que parte do respecto e a valoración como principal activo da organización.

MODERNIZACIÓN DA ESTRUTURA ADMINISTRATIVA

A xestión da estrutura da Administración Xeral e entes instrumentais da Xunta de Galicia no decenio 2009-2020 veu caracterizada por:

- Actuacións cosméticas enmarcadas nuns supostos Plans de Racionalización da Administración Paralela (eliminación de entes sen existencia efectiva nin orzamento). Malia a falta absoluta de transparencia neste ámbito, o último dato publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia é de 2009, o propio Consello de Contas cualificou como residual os aforros conseguidos (menos do 1% dos fondos xestionados).
- Apostar por un modelo de Administración Paralela baseado en Axencias Autonómicas sen plan estratéxico nin plan de acción, que incumpren de forma sistemáticas as obrigas impostas pola propia normativa autonómica, e que en moitas ocasións conlevan a creación de entes sen competencias, sen dotación de persoal, e que únicamente se configuran como axencias de colocación de persoal directivo á marxe da estrutura funcional. O exemplo paradigmático é a XERA (Axencia Forestal de Galicia), axencia dependente da Consellería de Economía, desgaxada de medio rural, sen competencias e sen estrutura administrativa á marxe das externalizacións.
- Apostar por un modelo de externalizacións masivas de servizos e actuacións administrativas, de modo que a principal achega deste novo modelo pasa pola duplicación de estruturas de servizos común preexistentes (persoal, contratación, xestión orzamentaria), polo minifundismo na xestión e na creación de clientelas específicas para as devanditas axencias.
- Duplicidades e ineficiencias administrativas, os solapamentos de funcións entre as Dirección Xeral de Avaliación Reforma Administrativa, a Dirección Xeral de Función Pública e a Dirección Xeral de Orzamentos son continuas, no mesmo sentido entre a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e o CIXTEC, sen ningún tipo de integración efectiva real, malia o seu anuncio en reiteradas ocasións.

Outro exemplo paradigmático: a xestión de fondos europeos da Xunta de Galicia carente da más mínima estrutura e racionalidade, múltiples Centros Directivos xestores sen ningún tipo de coordinación efectiva, con innumerables duplicidades na xestión e ineficiencias prácticas. A xestión dos fondos da Política Agrícola Común, prográmase e xestionase á marxe dos Fondos Estruturais e de Inversións Europeos, sen ningunha estrutura conxunta, con innumerables centros directivos implicados e coas consecuencias de correccións financeiras reiteradas por

problemas comúns, multiplicación dos costes, reduplicación de esforzos, incumprimentos normativos, ...

Apostaremos por un novo modelo de gobernanza pública baseada na utilización eficiente dos recursos públicos, na coordinación administrativa para evitar duplicidades, na avaliaciós das políticas públicas e na orientación de todos os recursos da organización cara a cidadanía galega.

Para o cal é preciso levar a cabo unha racionalización da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, baseada nos principios de servizo á cidadanía, eficiencia no gasto, coordinación, avaliación e mellora continua.

Ao tempo que faise preciso que a administración autonómica reduza os custos ocasionados á cidadanía, fomentando a redución das cargas burocráticas por medio da simplificación sistemática dos expedientes e o impulso da Administración electrónica, poñendo en marcha novas formas de comunicación e relación coa cidadanía e o impulso a descentralización administrativa como garantía de eficiencia.

2. IMPULSO AO AUTOGOBERNO

Despois de case 40 anos, o Estatuto de Autonomía de Galicia ten amosado ser unha poderosa ferramenta para o desenvolvemento da personalidade e identidade galega e vida social, económica, cultural e lingüística de Galicia. Foron anos nos que o pobo galego beneficiouse de un enfoque de governo de proximidade aos problemas dos galegos e as galegas a través do autogoberno que nos outorgaron os dereitos recollidos no Estatuto de Autonomía aprobado ao amparo da Constitución Española de 1978.

Pero hoxe precisa unha renovación e actualización para fazer fronte aos novos problemas e desafíos que a modernidade esixe. No ano 1981, Galicia e España inda non formaban parte da UE nin de moitos mecanismos institucionais internacionais que teñen impactado de xeito moi importante na vida dos galegos e as galegas; a situación política e social en España, tamén variou nestes anos, e outras comunidades autónomas, aproveitaron os mecanismos de reforma estatutaria para adaptarse aos tempos que vivimos.

Hoxe, o proceso de conformación territorial en España está sometido a tensións de diferente signo: secesionistas e centralizadoras. Non podemos avalar ningunha das dúas sendas. Pero ao

tempo somos conscientes da necesidade de promover a mellora do sistema autonómico que temos, por medio dunha reforma constitucional que prepare a España do futuro.

Como os socialistas de Galicia fomos garantes no pasado dun Estatuto de Autonomía de primeiro nivel fronte a aqueles que tentaban converter ao noso país nunha comunidade de segunda. Defendemos e defenderemos a necesidade de deseñar e aprobar de xeito dialogado con todas as forzas políticas de Galicia, un novo Estatuto de Autonomía que responda á vontade da cidadanía, pero tamén ao resultado dunha historia, dun territorio, dunha cultura e unha lingua singulares

Un Estatuto que recoñeza a identidade nacional galega, recollida nos símbolos de Galicia, que nos permita avanzar no autogoberno, na defensa dos novos dereitos e novas cotas de benestar para os galegos e as galegas e na definición das solucións políticas e institucionais aos problemas da modernidade.

Un Estatuto de País, de todos os galegos e galegas, que recolla as arelas dunha sociedade moderna e activa, que aspira a convivir na pluralidade e gobernarse para desenvolver con normalidade as lexítimas aspiracións da súa cidadanía nun marco de convivencia democrática en España e Europa.

3. UNHA RELACIÓN DE RESPECTO E LEALTADE COA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Asemade, o actual esquema de reparto competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas supón que Galicia teña capacidade normativa no ámbito das entidades locais.

Neste senso, o Partido Popular, no seu afán de recortar, decidiu modificar a Lei de Bases de Réxime Local, cambiando o marco normativo e introducindo incertezas en todos os concellos galegos, aos que os seus cidadáns esíxenlle uns servizos que difícilmente poden prestar. É necesario poñer ao día a regulación das entidades locais de Galicia, tal quepermita dar resposta ás necesidades actuais das entidades locais, no ámbito das competencias que corresponden a nosa Comunidade. Así como para mellorar a definición do papel das entidades locais, concellos e deputacións provinciais, clarificando as súas competencias así como o seu marco de financiamento para poder desenvolver as mesmas.

Impulsando medidas e instrumentos de cooperación e colaboración entre as entidades locais, con fin de mellorar a eficiencia na prestación de servizos e políticas públicas, sen menoscabo

da propia autonomía e singularidade de cada entidade e mellorando o financiamento das entidades locais, no marco establecido pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, rematando cas subvencións discretionais mediante o impulso de criterios estables e obxectivos para todo tipo de financiamento local.

Unhas medidas para nas que será axente fundamental a FEGAMP, ca que buscaremos o máximo grado de colaboración posible.

4. COMPROMETIDOS CON UNHA XUSTIZA ÁXIL E PRÓXIMA

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Precisamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa Democracia. Nestes últimos anos unha administración conservadora na Xunta de Galicia amosou a falta de vontade política e de capacidade para assumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade ten no eido dunha institución tan esencial: Un orzamento de gasto en actuacións relativas á administración de Xustiza minguante ano tras ano, varias xornadas de folgas históricas do persoal da administración de Xustiza para reclamar o fin das **discriminacións con respecto aos funcionarios noutras Comunidades, inexistencia de uso da lingua galega nos Xulgados ou un Plan de Infraestruturas Xudiciais co horizonte 2010-2015** que áinda está sen executar nun 30%.

5. UNHA GALICIA SEGURA

Os poderes públicos deben atender á necesidade da cidadanía de se sentir segura e informada sobre os riscos que se poden producir nunha sociedade moderna e global, riscos derivados de fenómenos climáticos (seca, inundacións, lumes ou temporais de vento, entre outros), así como riscos tecnolóxicos (químicos, radiolóxicos, contaminación por radón ou semellantes). A cidadanía confía en que, ante a chegada da emerxencia, as administracións públicas poidan, cando menos, minorar os danos producidos ás persoas, aos seus bens e ao medio ambiente, sen esquecer a imprescindible colaboración cidadá para aumentar así o nivel de autoprotección.

A Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia ten atribuídas, en virtude do Decreto 303/2009, de 21 de maio, as competencias en materia de Emerxencias e Protección civil, incluíndo a superior dirección en materia de protección civil e emergencias, así como a

planificación e dirección da xestión de riscos e a participación nos programas dos servizos contra incendios e salvamento locais. Despois de case 11 anos de goberno, crise tras crise agromía o verdadeiro problema, a crise do sistema da protección civil e das emerxencias en Galicia. A situación é moi preocupante pola forte disparidade entre os distintos territorios da Comunidade. As emerxencias acaecidas son atendidas indistintamente por parques de bombeiros municipais, parques de bombeiros comarcais ou grupos de emergencia supramunicipal, o que provoca un agravio comparativo na calidade da atención recibida por parte da cidadanía en función do corpo que realice a intervención.

O Centro de Atención de Emerxencias 112 constitúe a columna vertebral da atención das emerxencias en Galicia. Cada ano recibe en torno as 400.000 chamadas de persoas que requiren unha asistencia inmediata para a resolución de emerxencias, polo que debe adquirir un rol máis importante na xestión da resolución das ditas emerxencias.

6. A RELACIÓN PRIVILEXIADA COA GALICIA EXTERIOR

Galicia precisa unha nova Política de Acción Exterior que defina o papel e os obxectivos e prioridades a cumplir por parte da Xunta de Galicia dentro e fóra da UE e que contemple a posibilidade de potenciar a presenza directa da nosa Comunidade en ámbitos de especial interese para o país, marcando liñas estratéxicas en materias tales como a lusofonía, a emigración e a galegideade ou a nosa posición no Atlántico.

Para o que será preciso levar a cabo actuacións como o reforzamento da presenza de Galicia nas institucións da UE, a potenciación da aproximación aos países de fala portuguesa e da cooperación transfronteriza, a mellora da capacidade de participación e a representación do conxunto da sociedade civil, o un maior apoio en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento, así como o impulso nas relacións coa emigración galega para coñecer a súa realidade e mellorar a súa aportación á economía, cultura e sociedade galegas.

7. UNS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS PLURAIS, OBXECTIVOS E COMPROMETIDOS COA NOSA IDENTIDADE. A CRTVG: UN SERVIZO PÚBLICO

O Partido dos Socialistas de Galicia aposta firmemente polo mantemento e potenciación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, non só como medio de comunicación público, senón tamén, e sobre todo, como un servizo público, unha suma de medios que serven a Galicia e aos

intereses dos galegos e galegas, ademais de ser un dos principais instrumentos do seu autogoberno.

O máis básico é o cumprimento e desenvolvimento da actual Lei de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, que o Goberno de Feijóo non tivo vontade de aplicar desde a súa aprobación, porque facelo supón, entre outras cousas, ceder ao Parlamento e á cidadanía o férreo control que a Xunta de Galicia ven exercendo sobre os medios públicos galegos, actuando más como censor político e aparato de propaganda do Partido Popular que como garante do interese público.

Son precisamente os profesionais deste medio, moitos deles agrupados nos últimos anos en plataformas como Defende a Galega, os que deben ter, xunto coa Dirección, un papel protagonista no deseño da nova CRTVG. Uns traballadores/as que, lonxe de ser sancionados ou censurados por defender o interese público, deben ser escoitados, tendo no só capacidade de participación, senón tamén de decisión, no día a día da nosa radio e televisión; por exemplo, poñendo en marcha uns verdadeiros Consellos de Informativos, que actúen como contrapoderes da Dirección e velen pola obxectividade, veracidade e independencia dos contidos difundidos a través de calquera dos medios da CRTVG.

Só así se pode garantir o dereito á información de toda a cidadanía, recollido no artigo 20 da Constitución Española, e a imprescindible independencia dos profesionais dos medios públicos galegos.

Os ataques do PP á CRTVG non se limitan ao control político e á absoluta parcialidade dos seus contidos, son moito más graves. Desde a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia púxose en marcha un progresivo desmantelamento da radio e a televisión públicas, reducindo traballadores, recortando medios económicos e técnicos, precarizando, por tanto, o traballo, renunciando á producción propia, ou o que é o mesmo, privatizando os contidos, medios e traballadores/as e, por suposto, pechando as delegacións da CRTVG en Pontevedra, Ferrol e Burela, ademais das corresponsalías no Porto e en Bruxelas, renunciando, en definitiva, a un dos sinais de identidade e principios fundamentais da Corporación, a cobertura e a prestación dun servizo público de calidade en todo o territorio.

As consecuencias de todo isto son evidentes, fuxida masiva de audiencia, caída en picado da publicidade, redución de ingresos, degradación infinita da calidade e nula credibilidade; en conclusión, perda de toda rendibilidade social e económica

Se falamos da CRTVG como servizo público é imprescindible falar tamén de transparencia, entendida como a obrigada rendición de contas da Corporación ante a cidadanía á que serve e a capacidade desta para coñecer, inspeccionar e controlar de modo efectivo o funcionamento dos medios públicos que emanan da súa soberanía e que financia cos seus impostos.

OS MEDIOS PÚBLICOS DE GALICIA ANTE O NOVO ECOSISTEMA MEDIÁTICO

A nefasta xestión e o secuestro político da CRTVG a mans de Alberto Núñez Feijóo non só son un problema en si mesmo, senón que merman a capacidade da nosa radio e televisión para fazer fronte ao grande reto que teñen por diante, en xeral, todos os operadores tradicionais do servizo audiovisual público, a converxencia e hibridación mediáticas, os novos hábitos de consumo da audiencia e a competencia cos novos medios e plataformas de comunicación en liña e baixo demanda.

Para fazer fronte a estes desafíos é preciso actuar en todos os ámbitos, nomeadamente, na xestión (xa comentada), na programación e na innovación. Comezando por este último aspecto, a CRTVG ten que poñer en valor o seu tremendo capital humano e técnico, único no país, a fin de se converter no gran referente da innovación audiovisual en Galicia e en galego, sendo líder no desenvolvemento de novos produtos, novas técnicas de producción, novas fórmulas de interacción coa audiencia, xestión responsable e eficiente do big data ou macrodatos no ámbito da Comunidade, ofrecendo aos anunciantes soportes atractivos en lingua galega que, ao mesmo tempo, melloren a rendibilidade económica dos nosos medios, etc. Unha aposta pola innovación mediática e audiovisual que, ademais de á Corporación pública, servirá de apoio e proverá de servizos neste ámbito ao conxunto do audiovisual galego, consolidando así unha das principais industrias culturais do país.

Desde o punto de vista da programación, aproveitando os novos formatos e medios que xurdan desa aposta pola innovación, pero tamén independentemente deles, tanto a Radio como a Televisión públicas de Galicia teñen que elevar as miras. Sen perder nin un ápice do seu sentido fundamental de difusores da realidade, a cultura ou tradición galegas, teñen que ser quen de

combinar isto cunha dimensión internacional, é dicir, ser medios útiles para nos poder informar en galego e coa perspectiva do noso país tanto do que acontece no plano más local e festivo, como da más rigorosa actualidade a nivel estatal e internacional. A TVG, especialmente, non pode quedar reducida unha televisión folclórica especializada na cobertura de eventos festivos e gastronómicos de ámbito local, seguida por unha metade do país e ignorada pola outra metade, ten que ser a gran televisión de información para Galicia e sobre Galicia.

Do mesmo xeito, o portal web da CRTVG, xunto coas súas redes sociais, lonxe de ser como son agora pouco más que unha simple canle de comunicación corporativa, deben de se converter nun auténtico portal de información, complementario dos outros medios, centrado principalmente no plano público e institucional de Galicia, pero tamén en cuestións relevantes de actualidade.

Trátase, en definitiva, de que a información gañe peso ata se converter, xunto coa promoción da ficción galega, no elemento distintivo de todos os medios da Corporación e, para elo, de que os Servizos Informativos da CRTVG ensanchen as súas miras e medren tanto cara ao local, como ao internacional, ofrecendo á ciudadanía un produto que, seguindo o exemplo dos principais operadores europeos, sexa quen de combinar en perfecta harmonía o chamado xornalismo hiperlocal coa información más global; difundido a través de diferentes medios, optimizado para ser consumido en diversos soportes e, aproveitando as posibilidades das tecnoloxías da información e a comunicación, explotando ao máximo a capacidade de interacción coa audiencia, adaptándose ás súas novas preferencias de consumo.

LINGUA, CULTURA E PÚBLICOS ESPECIALIZADOS NA CRTVG

Entender a promoción, difusión e impulso da lingua e a cultura galegas como un dos principios fundamentais da CRTVG é unha obviedade desde a aprobación da Lei de Creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (1984) e é algo que, lonxe de se debater, debe de se reforzar. O lamentable feito de que uso do galego como lingua de relación habitual da nosa sociedade teña retrocedido notablemente nas últimas décadas fai aínda más necesario este papel da CRTVG como un dos principais axentes na normalización da lingua.

En todo caso, á marxe de programas e produtos específicos, a cultura debe entenderse de xeito transversal, empapar toda a programación da CRTVG, non só da segunda canle, e abarcar todas as

manifestacións culturais da nosa sociedade (rural, urbana, tradicional, vanguardista, moza especialmente, adulta, da costa, do interior, etc.), ademais de ter unha ollada sempre aberta ao que acontece fóra do país, con especial atención ao ámbito lusófono.

Do mesmo xeito que se aposta pola independencia profesional e a imparcialidade dos produtos informativos centrados na política ou na actualidade institucional, tamén se debe velar por esa independencia en todo o referido á información cultural. Para isto é imprescindible que os/as profesionais tomen os mandos e que a axenda cultural da CRTVG deixe de ser a versión audiovisual da axenda do Conselleiro/a de Cultura, é dicir, que se preste atención plural á difusión de obras, eventos, artistas, etc., pero que tamén haxa espazos diversos para o debate, a reflexión ou a creación sobre todo tipo de tendencias e correntes, que moitas veces non atopan cabida noutros medios de comunicación.

8. A MEMORIA DEMOCRÁTICA

A recuperación da Memoria democrática é unha esixencia dos nosos valores e un exercicio de maduración colectiva. O noso compromiso está fóra de toda dúbida, sendo preciso avanzar no recoñecemento e reparación das vítimas da Guerra Civil e a Ditadura, así como na exhumacións das víctimas do franquismo que continúan en fosas comúns e apoando as accións para a retirada da símboloxía franquista dos lugares públicos e la recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, como exemplo de bens que deben ser devoltos aos seus titulares.

9. A IGUALDADE DE XÉNERO, UN COMPROMISO TRANSVERSAL

Feminismo e socialismo son camiños converxentes historicamente. O PSdeG considera ao feminismo un movemento crítico e transformador, diverso, aberto, transversal, plural e global, que actúa con todos os sectores da sociedade e é quen de crear alianzas sólidas para sustentar a súa loita contra o patriarcado e o pensamento conservador.

Estamos asistindo a unha involución na que a dereita máis extrema utiliza os dereitos das mulleres como campo de loita ideolóxica. As mulleres e os homes socialistas non imos permitir retrocesos nos dereitos conseguidos na axenda feminista, desde o convencemento de que

aínda queda moito por avanzar en medidas concretas e valentes para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Traballamos para defender os dereitos conseguidos, por responder a necesidades aínda non atendidas, e por procurar solucións as novas realidades que precisan definición e consideración por parte da política. É urgente, ademais, completar a axenda inconclusa da paridade, acadada razoablemente na representación política, pero non nas esferas sociais e económicas. E no plano do simbólico, como consideramos que as palabras son transformadoras da realidade, traballaremos para que eliminar da linguaxe os estereotipos sexistas.

INDEPENDENCIA ECONÓMICA

A igualdade real, no ámbito da producción, esixe incorporar os labores de coidado e outras non remuneradas, que aínda hoxe cargan en exceso sobre as mulleres. É urgente tamén enfrentar a falta de independencia socioeconómica das mulleres .

Para elo, é preciso impulsar, a través das políticas públicas, un mercado de traballo máis igualitario e con alternativas de emprego de calidade para as mulleres. E marcar como obxectivo a medio prazo, reducir ao máximo a fenda salarial, que acada o 16%, para garantir que, a igual traballo haxa igual salario, axilizando a inspección de traballo e sancionando a quen incumpra, ou eluda, esta obriga.

E fora do mercado, crear as condicións que permitan que a carga de traballo non remunerado, doméstico ou de coidados, sexa compartida por todos os membros da familia, con obligas non diferenciadas por xénero. Do contrario, o dereito a traballar fóra da casa seguirá sendo imposible para un gran número de mulleres.

Compre tamén aumentar a presencia de mulleres nos cargos directivos de calquera nivel de actividade, identificando os teitos de cristal, para procurar os medios individuais e colectivos que permitan rachalos até superar a barreira do 27% que existe a día de hoxe. En concreto, nas empresas públicas autonómicas, en que nos comprometemos a facer unha revisión completa para avanzar cara a paridade.

NEGAR A VIOLENCIA DE XÉNERO É VIOLENCIA POLÍTICA.

A violencia sobre as mulleres é unha das manifestacións que impiden que poidamos, como cidadanía, exercer con plena autonomía os nosos dereitos civís e políticos, truncando deste

xeito o acceso a todos os recursos. Acceso necesario para participar activamente nunha sociedade democrática

Non por casualidade, sectores da dereita queren derrogar as leis de violencia de xénero, avaliadas por amplas maiorías e polo Tribunal Constitucional, negando a realidade de máis de mil vítimas que recollen as estatísticas desde que se comezou a computar en 2003. A pesares de que Galicia rexistrou 6.537 denuncias por violencia de xénero en 2018 (foran 6.436 en 2017, que xa subira un 13,3% sobre o ano 2016), só hai 2 Xulgados específicos de Violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 70% dos casos de violencia machista prodúcense en poboacións de menos de 100.000 habitantes, o que alerta de que a "ruralidade" é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Xa que logo, considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos Xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil.

Negar a evidencia da violencia machista, a violencia de xénero que castiga as mulleres polo feito de seren, é, en si mesma, unha agresión intolerable e antidemocrática. A dereita tamén cuestiona o derecho a decidir sobre a propia capacidade reprodutiva das mulleres e nega a existencia de múltiplas discriminacións na práctica de dereitos que veñen recoñecidos pola lei ou se anatemiza as organizacións que traballan a prol dunha sociedade igualitaria e feminista.

No PSdeG estamos dispostos a combater esta ofensiva reaccionaria e machista que quere frear o cambio social imprescindible e civilizatorio que supón o feminismo.

O PSdeG, terá no cerne do labor xurisdiccional en eidos como a violencia de xénero ou no derecho de familia, un eixo central e nuclear: a loita contra todo tipo de violencias machistas: física, sexual, económica, social, institucional, facendo un esforzo maior por facelas visíbeis en contornas onde pasan, doadamente, más desapercibidas, coma no espazo rural.

O PSdeG garante o rexeitamento, explícito, de calquera pacto ou coalición de goberno con formacións políticas que neguen calquera manifestación da violencia de xénero, a diferencia do feito polo PP neste último mandato, onde preferiu ser cómplice dos pactos de gobernabilidade que arrouparon a extrema dereita nas institucións onde gobernan ou apoian gobernos.

UNHA POLÍTICA INTEGRAL E TRANSVERSAL QUE IMPLIQUE Á TOTALIDADE DE ÁREAS

O corpo das mulleres non é un campo de batalla, polo que faixe necesario dignificar o corpo e a liberdade das mulleres para a súa sexualidade e a súa capacidade reprodutiva, asegurando a plena autoridade e decisión sobre o propio corpo como premisa imprescindible para unha autonomía plena, sen esquecer o dereito á maternidade sen restricións en función do estado civil ou da orientación sexual, e ao acompañamento familiar en materia de coidados.

Unha política equilibrada para erradicar a violencia sexual ten que dirixirse desde idades temprás, as rapazas e aos rapaces, mediante unha educación sexual incorporada ao ámbito escolar, tanto por ser unha materia, como por formar parte do traballo conxunto entre o profesorado e as AMPAS á hora de organizar actividades conxuntamente, neste ámbito. A educación en valores precisa da implicación de toda a familia, non só dos plans educativos, e nesa dirección faremos un programa que incorpore a ambas esferas desde este punto de partida.

A violencia económica tamén mata. Temos que facer visible, e polo tanto, combater, xeitos crueis de violencia de xénero menos perceptibles na sociedade, como a económica, mediante cambios nas medidas fiscais que permitan facilitar o camiño da recuperación das vítimas e non lastrar as oportunidades de futuro dos menores que viven directamente estas violencias.

É preciso tamén garantir o acceso a vivenda, comodereito fundamental para as mulleres que sufren maltrato, activando específicamente políticas públicas para tal obxectivo, traballando ao mesmo tempo en medidas de sensibilización e divulgación nesta materia.

Deberán ser xestionados de forma eficiente os recursos dispoñibles, mellorando os servizos especializados, ao tempo que avanzar nas distintas políticas en relación ás distintas campos de actuación, como na educación, eliminar as expresións sexistas en todos os ámbitos, e, sinaladamente, nas "leis" e nos "libros de texto", mediante unha revisión sistemática para detectar a linguaxe sexista e o mal uso de estereotipos machistas; como na sanidade traballando para incorporar a perspectiva da igualdade de xénero nas prestacións que se ofrecen a cidadanía a fin de facer visibles, e atender axeitadamente, aquellas doenzas que son, de seu, específicas do sexo feminino; como no urbanismo , impulsando a obriga de integrar a perspectiva da igualdade de xénero en todas as fases dos procesos urbanísticos, tamén nas actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación das vilas e cidades.

DOBRE DISCRIMINACIÓN: mulleres e rurais.

O rural é un espazo masculinizado e cando se fala de solucións a problemas como o avellentamento, a falta de relevo xeracional e actividade económica, o declive demográfico, a ordenación do territorio, a conservación do medio ambiente ou a loita contra o cambio climático, as mulleres non adoitan ter a consideración de protagonistas, en parte, porque é un ámbito onde a súa valoración é aínda menor, tanto no laboral coma no social.

En Galicia, é imprescindible incorporar a perspectiva de xénero nas políticas agrarias e de ordenación do rural para acertar na planificación do futuro dun espazo onde as explotacións familiares, o coidado de menores e maiores, e a suplencia de servizos públicos inexistentes, recae sobre as mulleres. Ao tempo, permanecen ausentes da acción política, da axenda social e económica nas vilas e aldeas, pechadas no ámbito doméstico-privado, onde, ademais, consolidan o rol reprodutivo e de coidadora.

POLÍTICAS SOCIAIS: A NOSA PRIORIDADE

1. EDUCACIÓN

Situación actual

Existen tres grandes problemas que enfrenta a Educación en Galicia derivados das políticas do PP, e que impiden o avance que necesitamos:

1. A falla de proxecto educativo.

O proxecto educativo xurde do encontro dos actores da educación e constitúe o norte que debe dirixir a educación dun pobo. O goberno do PP entregou o proxecto educativo galego aos recortes e non ten vocación nin interese en recuperalo. A cambio impúxonos:

- Un modelo educativo do pasado, enciclopédico, carente de proxecto, promovido de costas á comunidade educativa.
- Un modelo ancorado na LOMCE, a pesares de que a comunidade educativa evidenciou e resaltou o seu carácter lesivo, socialmente excluínte e pedagóxicamente conservador.
- Unha Universidade pública vista como un “gasto non prioritario” e non como a que debe ser, “a mais importante inversión no progreso de Galicia”.
- Unha política educativa carente de identidade propia e visión de país, descontextualizada da realidade e dos retos que Galicia ten por diante.

2. A parálise educativa.

A ausencia de proxecto educativo, de guía, de norte, é a fonte da parálise educativa na que está inmerso o país, e que nos leva a unha política educativa obsoleta, desigual e sen a capacidade de transformación do sistema, que se constrúe sobre accións inconexas que o único que teñen en común é a continua cesión do público e o fomento da desigualdade social. Como consecuencia:

- Unha sucesión de “medidas autonómicas” dispersas, desarticuladas e escasamente fundamentadas cuxos resultados nunca se avalían.
- A falla de modelo e de planificación global que amosa unha política superficial e incapaz de responder ás necesidades que plantexa a realidade actual. E que responde, en definitiva, a razóns electoralistas na procura exclusiva dun rédito político.
- A paralización dos actores educativos como xeradores de solución autónomas e coordinadas que sirvan de resposta aos problemas educativos do país.
- O sometemento, ata os mais nimios detalles, á autoridade política e organizativa da Xunta de Galicia que controla ferreamente todos os elementos do proceso educativo.

3. O deterioro sistemático dos servizos e recursos públicos educativos que afectan non só á calidade do servizo, senón incluso á súa cobertura básica:

A consecuencia da falla de proxecto educativo e da parálise educativa que padecemos non pode ser outra que o deterioro sistemático do sistema educativo, e que se pon de manifesto nos recursos, nos servizos e mesmo nos recursos humanos:

- Redución significativa do gasto público durante a crise (Galicia perdeu na última década 300 millóns de euros e máis de medio punto no PIB (3,96) situándonos por baixo da media das CCAA).
- Aumento do gasto privado das familias en educación.
- Empeoramento das condicións laborais dos docentes, diminución de profesorado e soldos, aumento das ratios de aula, incremento de horas docentes, diminución de tempos para a atención personalizada, mapa educativo desactualizado....
- Deterioro das infraestruturas educativas, especialmente no rural, que ten levado a que os nenos teñan que asistir a clase en condicións extremas.
- Redución de profesorado, que afecta especialmente aos que teñen condicións de maior dificultade, aos que viven no rural, aos que necesitan profesores de apoio, ou mesmo aos que necesitan atención personalizada; vale dicir “unha redución de profesorado enfocada contra a inclusión”.

Visión progresista

O noso proxecto nace de entender a educación como o elemento fundamental do progreso das persoas e dos pobos. Unha educación progresista quere dicir educar para o tempo que ven e non para o que pasou, educar para o mundo que vivirán os mozos e mozas, e non para o que vivimos os educadores, educar na innovación e na anticipación, educar na incorporación dos instrumentos e dos valores do novo tempo.

Fronte a un modelo de educación conservadora, que reproduce e mira ao pasado, o PSdeG propón un modelo de progreso orientado a un mundo en constante transformación e asentado nos valores da solidariedade, a inclusión, e a participación de todos e todas.

Debemos pensar dende Galicia un proxecto galego e galeguista, que fale de España sen complexos e mire a Europa como referencia común da que formamos parte. Pensar para unhas xeracións que non se incorporaron ás novas tecnoloxías senón que as descubriron como parte do seu mundo. Ese é o marco, referencial e conceptual, no que se inscriben hoxe os criterios para a construción da política educativa do PSdeG:

1. Unha Educación do seu tempo, é dicir para os tempos que veñen, inclusiva, moderna, flexible, capaz de dar resposta ás incertezas e aos cambios que está a provocar a Revolución 4.0, e tamén á propia velocidade con que se producen.
 - Educar nas ferramentas e no seu uso, e non só nos resultados.
 - Educar na construcción do coñecemento e non só no coñecemento construído.
 - Educar en como encontrar e non en acumular o encontrado.

O mundo que ven é o mundo do coñecemento das ferramentas, do coñecemento en construcción, do coñecemento como a ruta que conduce aos datos, aos grandes volumes de datos que serán, en si mesmos, inabarcables para os seres humanos. O coñecemento acumulativo deixa de ter sentido e cobra valor “coñecer como chegar aos coñecementos”.

2. Un Proxecto educativo estable, planificado e coherente toda vez que flexible e adaptativo, asumido pola comunidade educativa e acorde cun modelo progresista de país. Un proxecto que incorpore os valores que deben guiar o novo tempo e que anticepe os novos modelos de distribución do traballo e de encontro co mundo das máquinas. Un proxecto no que se recoñezan os galegos e galegas, e ese recoñecemento constitúa a base da súa estabilidade:
 - Que dispoña de mecanismos para anticiparse e actualizar o sistema ás realidades e necesidades emergentes.
 - Que sexa capaz de xestionar e potenciar a diversidade en todas as súas manifestacións.
 - Que sexa quen de incorporar e potenciar as achegas do desenvolvemento tecnolóxico e científico.
 - E que conte cuns elevados niveis de innovación educativa e profesionalidade
3. Unha Universidade que lidere e impulse á transformación económica, territorial e social de Galicia, e faga do saber o principal valor na construcción do tempo que ven. Unha universidade aberta, dinámica, protagonista indiscutible da construcción do País.

2. POLÍTICA SOCIAL

A situación actual

A difícil situación que pasan moitas persoas e familias en Galicia ten que ver coa tendencia das políticas de gobernos conservadores a recortar e minorar as políticas sociais. En Galicia, o goberno do Partido Popular é un claro e triste exemplo desta situación. O discurso de superación da crise agocha unha triste realidade, xa que fronte aos números macro que ofrecen unha perspectiva optimista, a realidade do día a día para moitas persoas segue a ser complicada e moitas capas da sociedade ven serias dificultades para atender as súas necesidades.

Estas necesidades non só están no alimento e teito. Coa desculpa da crise suprimíronse servizos e prestacións fundamentais para o desenvolvemento saudable dunha boa parte da poboación.

Seguen a escasear as prazas en centros de día, en residencias e as axudas ao domicilio seguen a ser menores do que se precisa. A mocidade ve un futuro con pouca esperanza e nulo apoio aos seus proxectos de estudos e vida. Os centros escolares de primaria teñen menos medios, as familias non poden responder a todas as necesidades dos seus fillos e fillas, e así poderíamos facer un continuo na descripción da realidade do día a día. De non resolver estes problemas estarase encamiñando a certa parte da poboación á exclusión social.

E á convulsa situación que se vive nos distintos sistemas de protección social do noso país, ós atroces recortes de recursos aplicados a outros sistemas, coma a educación ou a sanidade, engádese nesta área social unha total desatención por parte da Xunta, gobernada polo Partido Popular no ámbito do social. O discurso conservador traslada a responsabilidade ós individuos, sen contemplar as desigualdades de partida nin dotalos dos instrumentos precisos para superalas.

As situacóns de pobreza están estendéndose: persoas maiores que viven soas, xente nova con traballo precario, fogares encabezados por mulleres con cargas familiares que teñen dificultades para a súa inserción laboral, etc. A crise económica está estragando as condicóns de vida de grandes capas de poboación á vez que o enriquecemento duns poucos increméntase dun xeito escandaloso.

En Galicia as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas individuais para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son totalmente insuficientes e nalgúns casos praticamente inexistentes. Como exemplo podemos sinalar:

- Falta de políticas efectivas de acceso ás vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas.
- Falta de programas específicos e recursos suficientes para a conciliación da vida familiar, laboral e social de mulleres e homes.
- Insuficiencia de servizos e prestacóns para persoas maiores e persoas dependentes.
- A RISGA adoece de presupuesto suficiente, polo que a súa aplicación é moi restritiva. Longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da prestación. Os proxectos individualizados de inserción non funcionan como tales na maioría dos casos e en consecuencia vanse cronificando as problemáticas.

· As listas de espera para acceder ós recursos sociais son unha evidencia mais da escasa sensibilidade do goberno do PP para dar resposta ás necesidades sociais.

As actuacións en materia social condicionan e limitan a vida das persoas en numerosos aspectos. Como exemplo temos a lentitude na tramitación e redución, na contía das chamadas axudas técnicas (audífonos, lentes, próteses dentais, etc.) por parte da Xunta. Faise necesario o estudo doutras vías de solución dada a transcendencia que estas fallas teñen na vida das persoas, especialmente menores e terceira idade.

Pero debemos engadir a situación catastrófica en materia de protección e reforma de menores, acollemento familiar, atención ás familias accoledoras, adopcións, tutelas, gardas, desamparo...competencias que corresponden á Administración Autonómica.

Os equipos de profesionais son escasos, están suxeitos á temporalidade; existe unha total descoordinación cos servizos sociais comunitarios; así como delegación de funcións propias nos concellos sen que existan acordos na delegación de competencias coa súa correspondente dotación presupostaria.

A propia Xunta demostrou a súa incapacidade para abordar con rigor a actuación na política social cando hai xa dez anos (xullo de 2010) que, pola súa iniciativa, acordou a disolución do Consorcio Galego de Servizos Sociais que se ía ver reconvertido na Axencia Galega de Servizos Sociais e chegamos ó 2020 sen que este proceso se culminase e con graves problemas de funcionamento tanto no Consorcio coma na Axencia que se creou finalmente no 2015.

Atopámonos cunha evidente falta de compromiso do goberno do PP cos dereitos sociais, xerando unha inercia que vén a reducir os servizos sociais a unha simple xestión administrativa, rutinaria, sen visión de futuro, sen espazos de debate que xere ideas con potencial de cambia e dea resposta ás novas necesidades e demandas sociais da poboación galega.

Unha visión progresista

Para os homes e mulleres socialistas o Estado de Benestar é un derecho irrenunciable da cidadanía baseado nos principios de solidariedade, universalidade, igualdade, proximidade, calidade e atención personalizada.

A política social para os socialistas debe cumplir con determinadas bases:

- Garantir a igualdade de dereitos e oportunidades

- Garantir as segundas oportunidades
- Basearse en valores de solidariedade e xustiza social
- Comprometerse coa extensión dos dereitos sociais a toda a cidadanía
- Garantir servizos públicos de calidade
- Primar os servizos sobre as prestacións

En función destes principios proclamamos, fronte a posicións neoliberais que trasladan a responsabilidade ós individuos:

- A natureza social das necesidades sociais
- A responsabilidade colectiva nas respostas
- As políticas sociais públicas integrais e transversais
- O apoio ás familias
- A atención ás novas situacións de necesidade con risco de exclusión social
- A coordinación e colaboración coa iniciativa social. Non a substitución nem a confusión entre funcíons. Pasando dos sistemas puramente contractuais a sitemas de concertación, de alianza, de colaboración estratégica.
- A erradicación de calquera actuación de beneficencia por parte da administración, actuación que vulnera o dereito da cidadanía, recollido na constitución, a recibir atención cando se encontre en situación de necesidade
- O compromiso de que toda a acción do goberno de Galicia se deseñe e execute tendo en conta que as persoas son distintas e únicas, teñen distintas idades, condicións físicas, capacidades, recursos etc. Pero os mesmos dereitos a usar os recursos públicos e compete ás administracións, por medio dos servicios Sociais, polos medios necesarios para solventar as deficiencias que a alguén lle impida gozar dos bens sociais
- Só un coñecemento fondo da situación e das necesidades reais da cidadanía pode proporcionarnos a dimensión do esforzo a realizar

Para estes obxectivos adoptamos un compromiso de desenvolver políticas sociais baixo sete eixos estratéxicos chave, que son:

- a) Consolidar, desenvolver e xeralizar os dereitos sociais en toda Galicia e para toda a poboación

- b) Integrar as medidas de protección social básica coa dimensión produtiva dos servizos sociais que xere efectos positivos para toda a poboación, mediante a creación de emprego e o desenvolvemento tecnolóxico.
- c) Incorporar a experiencia dos Servicios Sociais ós deseños urbanísticos para acadar hábitats humanos facilitadores dunha convivencia positiva, para previr a marxinación e favorecer a inclusión social.
- d) Impulsar unha cultura cidadá baseada nos valores solidarios
- e) Promover a mellora constante, a racionalidade e a calidade na xestión dos Servicios Sociais
- f) Adoptar medidas encamiñadas a harmonizar e coordinar as distintas institucións e entidades que actúan no campo dos Servicios Sociais.
- g) Asegurar unha atención de calidade en Sanidade, Educación e Servizos Sociais é a única medida de prevención que pode avanzar na eliminación da violencia de xénero, violencia sexual a menores, desatención de anciáns ou persoas con discapacidade ou dependencia.

Debemos prestarlle unha especial atención á infancia. Singularmente a nenos e nenas que medran en contextos sociais e familiares desfavorecidos, en coordinación coa programación que poida desenvolver o Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil, suplindo as carencias para que poidan desenvolver unha vida plena. Os menores tutelados pola Xunta de Galicia deben encamiñarse cara un modelo menos institucionalizado, promovendo o acollemento familiar e as vivendas tuteladas, procurando a reinserción social dos casos problemáticos e a integración educativa ou laboral dos que chegan á idade adulta. Promoveremos a coordinación coas accións municipais, reforzando os Departamentos de Protección a Menores.

A integración social das persoas con outras capacidades físicas ou con discapacidades intelectuais forma parte da acción política progresista. Atinxindo ao ámbito sanitario, laboral, educativo ou de movilidade, así como ao pleno exercicio dos dereitos políticos e sociais (o que supón traballar na accesibilidade cognitiva ademais de na física). E ao desenvolvemento dunha sexualidade normalizada. Debemos garantir a continuidade dos servizos de apoio ás persoas con discapacidades físicas ou intelectuais ao longo de todo o seu ciclo vital, facilitando o desenvolvemento dos proxectos persoais e fomentando a autonomía.

3. Sanidade

A situación actual

A sanidade pública é un éxito colectivo froito de gobernos e cidadanía que apostaron pola necesidade dun servizo sanitario público, universal, gratuíto e de calidade. O desenvolvemento dun sistema nacional de saúde, e a súa posterior transferencia ás CCAA é un dos grandes éxitos da política estatal e autonómica. Os grandes fitos históricos no que corresponde á lexislación e á actividade parlamentaria foron a Ley 14/1986 General de Sanidad de España, desenvolvida por Ernest Lluch como Ministro no goberno de Felipe González, e a transferencia a Galicia das competencias sanitarias e creación do SERGAS a través da Lei 1/1989 do Servizo Galego de Saúde, baixo a presidencia de González Laxe.

A cidadanía valora a sanidade pública, repetida e sistematicamente, como unha ferramenta de clarísima importancia na súa vida, e ten en moi alta consideración xeral o seu funcionamento. A pesares disto, debido ás políticas de recortes desenvolvidas baixo os gobernos Rajoy no Estado, redobradas e reforzadas polos gobernos Feijoo en Galicia na última década, a valoración da xestión da sanidade galega sufre unha gran caída nos últimos anos. As decisións e estratexias dos gobernos de Núñez Feijoo veñen poñendo en risco a capacidade asistencial en plenitude de calidade, así como a equidade no acceso ao sistema galego de saúde. Froito disto, as mobilizacións cidadás e as protestas de profesionais e sociedades científicas véñense multiplicando nos últimos tempos, denunciando un abandono e desidia dun goberno autonómico que amosou a súa incapacidade para liderar a solución aos problemas e a planificación da sanidade actual e futura de Galicia. Así, o barómetro sanitario do CIS, que se publica anualmente, publica as valoracións do sistema sanitario que fan usuarios/as das distintas CCAA, e Galicia ocupa a terceira peor posición de toda España. Esta valoración da cidadanía coloca en boa posición a profesionais e á calidade da asistencia, non entanto 3 de cada 4 cidadáns apuntan á dirección e aos xestores afirmando que fan falta algún tipo de cambio no sistema en distintos grados (algúns, fundamentais ou totais).

As políticas do actual goberno autonómico veñen provocando dous graves problemas principais no sistema sanitario: os recursos humanos e a ordenación do sistema.

A política de persoal dos gobernos autonómicos da última década evidencia problemas tanto no volume de persoal como na calidade do emprego. No que ten que ver co volume, os datos e a realidade constatan unha perda de capital humano moi relevante. Como exemplo, só en atención primaria o propio orzamento da Xunta para 2020 recoñece unha perda superior aos 1100 profesionais con respecto aos mesmos orzamentos para 2009. A deficiente planificación de persoal non ten que ver únicamente con médicos/as, das diversas especialidades, ou profesionais de enfermería, senón que tamén existiu unha profunda desidia respecto doutros colectivos profesionais, como fisioterapeutas, psicólogos/as, logopetas e outras especialidades, con planteis mínimas claramente insuficientes que se sitúan en ratios por debaixo da media estatal e dos criterios estandarizados das sociedades científicas.

A esta deficiente política súmase a inestabilidade e precariedade con que se atopa unha boa parte do colectivo de traballadores/as do sistema público de saúde. A utilización de procedementos de precarización do emprego como a elevadísima concatenación de contratos intermitentes de baixa duración para cobertura de baixas longas, ou a ocupación de postos estruturais con sucesivos contratos temporais ás mesmas persoas, ven sendo obxecto de reclamación por colectivos e organizacións sindicais. Durante esta última lexislatura, o SERGAS ten sido condenado nos tribunais en sucesivas ocasións sobre aspectos de carácter laboral, con sentencias que falaban, entre outras cousas, de “contratación fraudulenta e torticeira”. Así, os últimos anos teñen vivido una elevadísima conflitivididade, con folgas e dimisións masivas de profesionais en cargos intermedios.

Fronte a este escenario, a dirección da sanidade galega amosou unha incapacidade para afrontar as necesarias transformacións do sistema, e coidar ao principal valor do sistema que é o colectivo de traballadores e traballadoras da sanidade pública galega. Esta nefasta política laboral resulta en sucesivos problemas derivados, como poden ser:

- Acumulacións de esperas en centros hospitalarios para ser atendidos por especialistas.
- Demoras nas citas de atención primaria, onde a propia percepción da cidadanía é que existen hoxe en día esperas para ser atendidos polo médico/a de cabeceira moi superiores ás que nunca se lembran.
- Saturacións dos servizos de urxencias, tanto nos Puntos de Atención Continuada como nas urxencias hospitalarias, que desbordan a súa capacidade asistencia froito dun sistema que arrastra estes problemas de ineficiencia na xestión.

No que corresponde á planificación da estrutura asistencial do sistema, asistimos esta lexislatura a unha clara política de concentración de servizos que redunda na inequidade do sistema. A reforma da Lei de Saúde supuxo unha clara diferenciación entre unha Galicia de dúas velocidades sanitarias, na que os hospitais comarcais viron recortada de maneira definitiva a súa xa minimizada autonomía no funcionamento, evidenciada na continua perda de profesionais con actividade rutinaria nos hospitais comarcais, vendo como deben desprazarse máis que antes ás cidades para servizos que anteriormente tiñan en proximidade.

Esta concentración tamén se da dentro do propio sistema, pois a atención primaria foi esvaecéndose en favor dunha concentración na atención hospitalaria. Esta política minusvalora o enorme potencial da atención primaria, tanto no plano asistencial de proximidade como na capacidade de traballo multidisciplinar e na promoción e protección da saúde. O abandono na planificación e execución de políticas dedicadas ao fortalecemento da atención primaria queda en evidencia ante a falta de soluciones aos problemas existentes neste nivel asistencial. As actuais políticas condenan aos centros de saúde a ser meros despachos de pacientes e aos profesionais a resolver apresuradamente unha lista de citas que impide unha atención pausada e personalizada.

Esta planificación errática e errada, así como unha ineficiencia profunda no traballo organizativo e económico sinalada polos organismos e institucións de control da xestión pública, foi acompañada nestes tempos por unha tendencia ao hermetismo e á desconexión coa pulsión cidadá e profesional. Foron numerosos os problemas froito das dificultades para resolver situacions e á inexistencia de interlocutores válidos e activos por parte do goberno autonómico. Esta sucesión de conflitos impidiu observar se existía unha visión a medio e longo prazo da sanidade galega, que en ningún caso se puido percibir nos últimos anos nos que foron os profesionais e non a administración quen afrontaron os cambios permanentes nos que vive a sanidade actual. Precisamos dunha xestión eficiente, dun afrontamento dos retos que o sistema ten que afrontar xa no día de hoxe e dunha visión transformadora para os vindeiros anos que permita deseñar un sistema público eficiente, sostible, coa máxima calidade e resolutivo.

Unha visión progresista

O escenario da sanidade pública ten que ver cos seus obxectivos e retos, inmediatos e futuros. Debemos regorganizar e transformar un sistema que debe ser **resolutivo** ofrecer unha atención da **máxima calidade** a unha poboación con características específicas: dispersión poboacional, envellecemento elevado e progresivamente crecente, división das características poboacional en función dos entornos urbanos ou rurais...

A situación descrita concita un acordo de necesidades que ven sendo manifestado polos axentes involucrados no sistema sanitario, sexan xestores, profesionais ou colectivos de usuarios. Por isto debemos asumir cales son os retos aos que debemos afrontar nos vindeiros tempos.

Persoal e RRHH

O déficit de persoal é o problema esencial hoxe no sistema sanitario público de Galicia. Ante esta situación debemos afrontar unha política contundente de estabilización de profesionais. Nesta liña, o vindeiro goberno da Xunta de Galicia debe afrontar a solución para a precariedade actual de profesionais, cunha vontade de ampliar a base de traballadores estables do SERGAS.

É imprescindible activar todos os mecanismos que a administración ten ao seu alcance para avanzar na mellor dotación de recursos humanos en número e tamén en calidade do traballo. Para elo, precísase o traballo conxunto coa administración xeral do Estado e as demais CCAA para acordar **suprimir a actual taxa de reposición** para o sistema público de saúde.

O sistema público de saúde de Galicia precisa de afrontar un plan de contratación planificado a varios anos vista, que recupere o volume de persoal estable de hai unha década e para eso é necesario ordenar a convocatoria de **Ofertas Públicas de Emprego que sexan efectivas**, con prazos de convocatorias, exames e resolucións que sexan acordes ás necesidades do sistema.

A cronicidade

O sistema público de saúde dedica en torno ao **80% do seu orzamento á cronicidade**, e a previsión é crecente nos vindeiros anos, debido ao aumento da poboación en idade avanzada e tamén ao

éxito da sanidade en confrontar con enfermidades habitualmente terminais, e que hoxe trátanse con carácter praticamente crónico.

É imprescindible asumir que o sistema sanitario debe afrontar, con decisión, un modelo que permita responder ás necesidades que a cronicidade demanda. Isto ten que ver coa atención especialmente aos nosos maiores, aínda que non unicamente pois existe un relevante número de pacientes con afeccións crónicas pero non con idade avanzada.

En termos xerais, cabe ter en conta que na casuística tenden a prevalecer as pluripatoloxías, con datos que apuntan a case 3 problemas ou enfermidades crónicas por paciente, dato que se eleva conforme se eleva a idade. Este tipo de situacións precisan dunha atención de continuidade e proximidade, baseada na atención primaria, que no maior dos casos require de consultas de baixa complexidade e seguimento dos tratamentos. A este efecto, resulta de moita utilidade o concepto de **asistencia sanitaria en domicilio**, beneficiando ás persoas ao ser atendidas no seu contexto vital máis cotiá e tamén beneficioso para o sistema de saúde ao desafogar as propios centros sanitarios.

En todo caso, unha moi efectiva fórmula para o tratamiento de patoloxías crónicas está na prevención, polo que é imprescindible unha apostase firme por unha política de sanidade comunitaria, que promova **hábitos de vida saudables e educación sanitaria** sobre alimentación ou consumo, que contribúen en boa medida a combater a aparición de problemas crónicos. No mesmo senso, é imprescindible **fortalecer os programas de detección precoz** de enfermidades como cancro, que son de real importancia para a capacidade asistencial en tempos que permiten mellor indicadores na evolución da patoloxía e na calidade de vida das persoas.

Novo modelo de Atención Primaria

O concepto da atención primaria como “porta de entrada” do sistema sanitaria está superado, e debe ser reformulado na concepción do conxunto do sistema. O aumento e a enorme prevalencia de patoloxías crónicas, combinado co elevado nivel da formación e a diversidade e especificidade dos profesionais (tanto os presentes coma os necesarios), permite afrontar eses problemas na atención primaria na súa gran maioría.

A atención primaria debe ser o vértice da transformación do sistema e converterse na chave de bóveda resolutiva da atención sanitaria. Para elo é preciso achegar o investimento en atención primaria aos datos dos sistema sanitarios da nosa contorna, tendo como primeiro obxectivo acadar a media de toda España. Organizativamente, precisamos saír dunha atención excesivamente medico-centrista, que fai recaer no facultativo toda a carga de diagnóstico, trámite, xestión de caso, distribución e organización clínica. Debemos conseguir, de maneira real, **que o paciente sexa o eixo do sistema** e pivotar todo en torno ao usuario. Para elo precisamos plantexar unha atención primaria baseada en **equipos multidisciplinares**, con aportación de diferentes especialidades que permitan unha visión poliédrica das persoas, afrontando unha atención integral.

Entre o 15 e o 20% dos problemas que chegan a atención primaria teñen fundamento na saúde mental, pero non temos profesionais desta especialidade nos centros de saúde; a mobilidade e problemas posturais son unha enorme fonte de doenzas, especialmente en casos de persoas maiores, pero a plantilla de fisioterapeutas é tremadamente escasa; a vinculación entre problemáticas sociais e patoloxías está evidenciada de maneira constante, mais a dotación de profesionais deste campo é anecdótica no sistema; unha boa parte do traballo dos facultativos ten carácter administrativo, pero son os profesionais facultativos os que deben facelo perdendo tempo e esforzo dedicado a pacientes. Cabe afrontar unha **atención primaria con más visións**, que permita reordenar o acceso das persoas, con profesionais que poidan xestionar os casos para orientar e coordinar a labor de todo o equipo, con maior acceso de facultativos de familia e comunitaria ao catálogo de probas diagnósticas posibles

Para afrontar este cambio de modelo, con maior peso no sistema e con maiores visións debemos afrontar unha maior dotación de recursos humanos, o que resultaría en frear o incremento de esperas en atención primaria, e nun sistema que resolva alí onde pode e debe, para reducir tamén a saturación dos servizos de urxencias, tanto nos PAC como nas urxencias hospitalarias.

Urxencias

A atención de urxencias do sistema público de saúde (PAC, transporte sanitario urxente, urxencias hospitalarias) é un dos elementos más resolutivos. A especialización esixida nestes servizos precisa de avances na formación e recoñecemento dos/as profesionais que traballan neles, e

tamén dun traballo de coordinación para o que sería máis eficiente que todo o sistema de atención urgente fose de xestión pública con persoal público.

Equidade

O acceso en termos de equidade ao sistema sanitario público é un elemento irrenunciable para unha política socialista, mais hoxe en día está debilitado pola diferente capacidade asistencial en función do territorio. Esta situación ocorre cos servizos dos hospitais comarcais derivados de maneira excesiva aos complexos hospitalarios das cidades, ou incluso entre estes últimos pola reticencia contrastada para a dotación de servizos como a posta en funcionamento dos servizos de hemodinámica no HULA ou no CHOUU.

A rede de centros hospitalarios de Galicia implica centros de distinto nivel de servizos, volume de persoal e medios materiais. Esta distribución ten sentido e responde a unha lóxica organizativa que implica a necesidade de priorizar e dimensionar en relación a diversos criterios, como a poboación.

Non entanto esta estrutura debe considerar a necesidade de establecer un límite base de servizos, pola súa frecuencia e relevancia, que deben ofrecer todos os centros, e á súa vez garantir o acceso ao completo dos servizos a través dos mecanismos de colaboración entre centros e de transporte de pacientes, garantindo a maior calidade a partir da eficiencia na utilización de recursos.

Investigación e innovación

O sistema sanitario público de Galicia debe situarse no marco da excelencia, apostando por liderar procesos de transformación en técnicas e metodoloxías que redundan na mellora asistencial. O investimento en investigación e innovación supón, ademais dunha vantaxe en si mesma na formación e progreso do persoal investigador, unha ferramenta imprescindible para o avance da sanidade pública.

Galicia debe reverter a progresiva perda de investimento no programa de investigación sanitaria, e consolidar a aposta pola innovación e as novas tecnoloxías, así como a medicina de precisión para situarnos á fronte dos sistemas sanitarios públicos.

Farmacia

Apoiaremos ás oficinas de farmacia para que se incorporen a novos programas sanitarios que fomenten a educación en prevención e a promoción da saúde en coordinación co SERGAS, e potenciaremos a súa capacidade para unha eficaz atención farmacéutica en Galicia. Implicaremos a participación das oficinas de farmacia e farmacéuticos/as na mellor atención a pacientes crónicos, en coordinación co resto de profesionais do sistema de saúde. A farmacia rural terá unha especial atención por parte do SERGAS, na súa relevancia no acceso de toda a poboación aos servizos farmacéuticos.

4. CONSUMO

A situación actual

Durante os últimos anos os/as usuarios/as e consumidores/as de Galicia veñen afrontando unha situación de desprotección ante a implantación de novos formatos de negocio, prácticas abusivas ou cambios de mercado ante os que non existen consideracións dos usuarios/as.

A existencia de asociacións que agrupan a persoas consumidoras permite garantir dereitos como usuarios/as, pero a colaboración da administración é lenta e, en moitos casos, ineficiente. Esta deixadez provoca problemas no consumo dos cidadáns, que están expostos ante situacionns nas que existe desatención das administracións.

De maneira sinalada, a proliferación de casas de apostas e mecanismos de apostas online, así como a desregulación sobre publicidade e accesibilidade a este sector, ven provocando unha xustificada preocupación cidadá que non conlevou a súa tradución nun proceso legal e normativo, que segue a ter como referencia autonómica unha Lei do ano 1985.

Unha visión progresista

Debemos fortalecer as garantías das persoas usuarias e consumidoras, o que pasa por facer más partícipes aos colectivos que defenden dereitos dos consumidores, así como axilizar os procesos

na administración para que non se produza indefensión pola pasividade ou lentitude dos poderes públicos. A este respecto hai que fortalecer os mecanismos públicos, como o Instituto Galego de Consumo e Competencia.

Como elemento principal, a veloz transformación do sector do **xogo e apostas** necesita ser afrontada dende a protección dos usuarios, especialmente dos menores de idade e adultos más novos. Para isto será imprescindible regular e crear normativa específica, atendendo prioritariamente á protección da saúde e ao combate contra condutas aditivas, especialmente nas idades más novas.

Resulta importante tamén intensificar as medidas que promovan maior autoridade das institucións públicas para condicionar e facilitar solucións ante problemas de desigualdade nas relacións entre grandes compañías e o consumidor final. A este respecto necesitamos colaborar coas distintas administracións, para solventar eficientemente os problemas derivados de dificultades de pago en servizos fundamentais (auga, luz...).

5. CULTURA E LINGUA

A situación actual

O Consello da Cultura Galega, na súa “Diagnose para a cultura galega”, fai unha crítica profunda e integral da política cultural da Xunta de Galicia nos últimos anos. Esta crítica evidencia a nula aposta pola cultura e lingua galega por parte do goberno galego, o que se amosa en políticas concretas. De feito, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, os orzamentos de cultura pasaron de 141 millóns de euros en 2009 a 74 millóns en 2020, un recorte de case a metade (-47%).

A xunta tende a ignorar á xente da cultura. Ten unha relación ausente que denota unha falta de interese absoluta. Dende a Xunta a política cultural baséase máis en distribuír recursos de maneira discrecional e intencionada que a facer unha política cultural como tal, non existindo planificación nin estratexia real que permita tanto un deseño de políticas culturais a medio e longo prazo como a súa posterior avaliación.

A industria do libro da traballo a miles de persoas en Galicia e podería exportar e crear máis riqueza se non fose porque a Xunta despreza ao sector. Ao contrario que noutras CCAA (Euskadi, por exemplo) hai unha limitadísima implicación do goberno da Xunta de Galicia nas políticas do libro, o que repercute nun grave problema en termos de lingua. A esta problemática súmase que a política da TVG resulta contraproducente, non innovando nin creando contidos atractivos, o cal supón un malgasto intolerable de cartos públicos dedicados á propaganda do goberno e de ariete contra a oposición política. En liña con esta política do libro o número de bibliotecas descendeu, sobre todo o das municipais e de titularidade privada, ao mesmo tempo que se produciu un estancamiento no número de usuarios. Ademais diminúen os fondos dedicados a adquisicións.

No que corresponde ao eido da danza a falta de sensibilidade da Xunta está acabando con este sector. Non se potencia nin o ensino da danza nin a súa programación, descendendo o número de espectadores, funcións e recadación. Non foi atendida a necesidade dunha compañía pública de danza.

A percepción da cultura como sector industrial está desbotada, convertendo ao AGADIC nunha institución totalmente ineficiente e meramente burocrática sen capacidade propositiva e de iniciativa propia. No caso do turismo cultural, Xunta desaproveita o potencial da cultura como atractivo para os que visitan Galicia, mesmo a xestión do Xacobeo está mal elaborada e é curtoplacista. En xeral, a falta de planificación tende a malgastar os cartos públicos deste evento.

En canto á acción da política lingüística da Xunta, Europa tiroulle das orellas aos gobernos de Feijoo. O Consello de Europa evidencia que a Xunta non respecta os dereitos das persoas respecto da súa propia lingua, discriminando aos galegos no ensino e na xustiza. Resulta especialmente grave a falta de avaliación dos resultados da política educativa: non sabemos se realmente os rapaces galegos están a mellorar na súa capacidade para usar idiomas, incluídos os estranxeiros, pese a todos os programas e cartos investidos dende 2009. A Xunta de Galicia marxinou o departamento de Política Lingüística, pasando de depender directamente da Presidencia da Xunta e ser un eixo transversal a todas as políticas, a depender dunha Consellería.

Unha visión progresista

A política socialista respecto da cultura debe ser transformadora da pasividade actual que caracteriza á administración autonómica. A promoción das actividades creativas, con apoio notorio e contribución á difusión, debe ser un eixo fundamental nas políticas culturais do vindeiro goberno.

O equilibrio entre o acceso universal á cultura e a profesionalización do sector deberá ser a liña de actuación. Para elo, deberemos desenvolver políticas fundamentadas nos seguintes criterios:

- Fomentar a creatividade como motor económico, centrándose nos preto de 30.000 postos de traballo que se crean neste sector.
- Facilitar o acceso universal á cultura como un dereito da cidadanía.
- Aproveitar os núcleos de coñecemento e creación cultural e artística da comunidade para desenvolver estratexias de desenvolvemento local.
- Fomentar unha producción cultural e artística profesionalizada, que incida no desenvolvemento económico do sector e contribúa a dimensionar a todo o colectivo de artistas no nivel que merece.
- Promover a educación creativa de xeito que todos os alumnos teñan acceso a actividades culturais e de fomento da creatividade. Neste senso, facilitaremos o acceso ás escolas de música, de teatro e artes e de cantas actividades fomenten a creatividade.
- Facer do Turismo Cultural unha prioridade estratéxica.
- Fomentar a viabilidade de novos proxecto empresariais no marco das Industrias Culturais, a través do apoio aos emprendedores.
- Impulsar o diálogo coa sociedade civil e os seus representantes para chegar a solucións dialogadas cos sectores para conseguir o aumento da presenza do galego.

- Fomentar o plurilungüismo na sociedade impulsando un clima de coexistencia das linguas, evitando a discriminación dos falantes e favorecendo un clima de convivencia democrática que fomente a presenza do galego en todas as esferas da vida.

6. PATRIMONIO CULTURAL

Análise da situación

O concepto de Patrimonio Cultural é cada vez más extenso e complexo. Ao patrimonio tradicional histórico artístico únense os chamados “patrimonios emerxentes” como o inmaterial ou o etnolóxico, por citar os mais coñecidos. Todos eles están enraizados profundamente na nosa identidade como pobo, e conforman un sentido individual e colectivo de pertenza a unha comunidade que axuda a manter a cohesión social e territorial.

O Patrimonio Cultural, ademais de ser un recurso cultural e social fundamental, ten tamén unha dimensión económica capaz de crear riqueza e emprego sobre todo a través do turismo cultural, e polo tanto de contribuír á mellora do nivel de vida das comunidades nas que se asenta.

No eido do Patrimonio Cultural a xestión do PP durante o último decenio foi especialmente negativa. Unha forte redución dos orzamentos, de mais do 50%, e unha notable desidia levaron á desprotección do noso patrimonio, como indica o continuo aumento do número de bens patrimoniais galegos nas listas vermellas de patrimonio en perigo.

Durante mais dunha década con Feijóo non houbo ningún tipo de planificación na xestión do patrimonio, notándose apenas unha especial atención aos bens da Igrexa que recibiu a maior parte dos orzamentos dedicados a rehabilitación e mantemento patrimonial sen que, salvo excepcións, se acadasen grandes avances na conservación dos nosos elementos patrimoniais más significativos”.

Por outra parte, a Xunta de Galicia non foi capaz de elaborar e publicar o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, instrumento principal para a súa salvagarda. Pola contra durante o goberno do

PP reducíronse os mecanismos de protección do patrimonio, tanto ca lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, como a través da política seguida pola Xunta de cambiar continuamente ese texto a través de modificacións en outras leis sectoriais.

Unha visión progresista

Polo tanto, é necesario e urgente poñer en marcha unha nova estratexia de xestión do Patrimonio Cultural, na que prime a planificación, protección, salvagarda e difusión do noso patrimonio con unha política transversal e que impulse á relación entre cidadanía e patrimonio.

Debemos ser conscientes de que unha xestión correcta do potencial de desenvolvemento do patrimonio cultural esixe fazer fincapé na súa sostenibilidade, que a súa vez require atopar o xusto equilibrio entre extraer beneficios del e preservalo para xeracións futuras.

7. MOCIDADE

A situación actual

A situación da mocidade durante os últimos 10 anos en Galicia ven sendo moi preocupante, dadas as políticas de Feijóo que contribuíron a que a xeración mellor formada da historia se vise obriga a emigrar.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo no curto prazo e crítico no medio e longo prazo, conxelando a evolución vital dunha xeración e poñendo en tela de xuízo o benestar social, económico e demográfico do noso país.

Faltan medidas de acción positiva ante este drama social. Son moitos os mozos e mozas que posuindo unha alta cualificación académica e profesional teñen que saír fóra para atopar as oportunidades que aquí non conseguem.

Parte deste drama social ven vinculado a unha serie de políticas de recortes e privatizacóns que prexudicaron gravemente nos diversos ámbitos profesionais e educativos. A redución das bolsas de estudos ou as limitacións das mesma impiden que moitos rapaces e rapazas que compatibilizan

estudos con traballo (precario) poidan sacar adiante o primeiro; o encarecemento dos transportes públicos, da luz, da auga...complican a vida dos milleiros de universitarios/as; nas familias áinda afectadas pola crise os máis pequenos precisan axudas para o material escolar ou incluso para o comedor (fundamentalmente no verán); a falta de políticas de asentamento do rural tamén suma neste conxunto de políticas erráticas...son un conxunto de despropósitos que incentivan a ida de moitos mozos e mozas.

Polo tanto, dada a complexa situación, ao mesmo tempo que non podemos esquecernos da xente que quedou, tamén hai que pensar en toda aquela que deixou os seus estudos e marchou por traballo. Por iso debemos establecer un compromiso aplicando medidas formativas específicas e incentivos para a súa contratación e a ampliación da súa experiencia laboral aquí, co obxectivo de atraer a todo o talento que emigrou polas políticas de recortes.

Unha visión progresista

A chegada ao goberno de Pedro Sánchez comezou a lanzar numerosas iniciativas para atraer de novo o talento fuxido, como o Plan Retorno que aposta pola volta de 24.000 xóvenes cun aporte de 23 millóns de euros. A aposta polo emprego mozo do goberno de esquerdas refléxase nos últimos datos do SEPE onde o desemprego mozo nacional en menores de 25 anos reduciuse en máis de 100.000 persoas no último ano en todo o país, mentres que en Galicia o crecemento de emprego é máis lento según a EPA.

8. DIVERSIDADE

A situación actual

Historicamente, a necesidade de avance e progreso en Galicia e en España no que corresponde aos dereitos das persoas LGTBI ven chocando coa oposición dos movementos conservadores, dereita política e mediática, grupos e lobbies determinados por crenzas relixiosas e pola tendencia de certa parte da sociedade, cada vez más minoritaria, a empregar falacias e fake news contra os dereitos das persoas.

A irrupción da ultradereita no panorama político español, e a cobertura, apoio e promoción que

ven tendo por parte da dereita política tradicional evidencia a necesidade de fortalecer a defensa de dereitos dos colectivos pretendidamente minorizados e estigmatizados. Precisamos un avance en dereitos, pero tamén en cultura social que afaste de maneira definitiva os comportamentos homófobos, tránsfobos e de agresión e ataque a calquera identidade ou orientación sexual.

A inacción do goberno autonómico ven provocado, fundamentalmente, pola indecisión da dereita política antes os problemas de violencia por motivos de identidade e orientación sexual. A homofobia, transfobia, a banalización dos problemas e o auxe de personalidades que ningunean este problema social tamén ten a súa repercusión en Galicia, onde colectivos vinculados coas posicións más reaccionarias teñen eco e promoción nas políticas autonómicas do goberno de Núñez Feijoo.

Unha visión progresista

Debemos romper coas ambigüidades e desenvolver unha política que teña como obxectivo sensibilizar, recoñecer e visibilizar ao colectivo LGTBI, con especial atención aos realizados nos contextos educativos.

É imprescindible adoptar de maneira transversal a toda a acción política unha cultura da diversidade, que exclúa calquera comportamento intolerante e asuma que a identidade e a orientación sexual das non son aspectos obxecto de discusión, estigmatización ou sinalización.

Debemos acompañar da lexislación necesaria as políticas de recoñecemento e visibilización, e para elo débense actualizar as normativas existentes, e ampliar o marco lexislativo.

4) Ampliaremos as funcións e actividades do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

9. DEPORTES

A situación actual

O deporte non ten contado có respaldo que precisa dende a Xunta de Galicia, e nunca foi relevante nos Orzamentos autonómicos nestes últimos anos.

A Fundación Deporte Galego e a Secretaría Xeral para o Deporte son os instrumentos de xestión deportiva que ven utilizando a Xunta de Galicia. Ambas se amosan como obsoletas e pouco eficientes nas súas funcións. Nin a Secretaría Xeral nin a Fundación foron modernizadas nin adaptadas ás novas necesidades e situacíons do deporte actual. Abonda con botar unha ollada ás súas webs para comprobar que a meirande parte dos programas levan anos sen modificarse e algún sen levarse a cabo. A falla de foros de participación, a opacidade da toma de decisións e a falla de elementos de coordinación son sinais de identidade dunha xestión que só se pode cualificar de fallida.

A política deportiva da Xunta de Feijoo nútrese só dalgúns programas de promoción deportiva que precisan xa ser reformulados, dun reparto de fondos –non sempre transparente- e do traballo e o esforzo que fan clubs, entidades, federacións, escolas e deportistas. Falta un modelo para o deporte que queremos en Galicia.

O Partido Popular non foi quen nestes anos, nin sequera de adaptar os instrumentos lexislativos a unha realidade deportiva que non ten hoxe nada que ver coa de fai dúas décadas. Tampouco o foi de avanzar nun modelo de patrocinio que facilitase a captación de fondos privados ás distintas especialidades e moito menos á hora de dispor dunha ferramenta participativa e de coordinación institucional que aporte cohesión, transparencia e dinamismo á toma de decisión.

A creación e o mantemento de infraestructuras deportivas estiveron, nestes anos, moi por debaixo do esixido por unha poboación que comezou a practicar deporte masivamente. Non foi senón o esforzo municipal e provincial o que permitiu contar con equipamentos deportivos para uso de cidadáns e clubs aficionados e mesmo profesionais. Tampouco as instalacións existentes foron mantidas ou reformadas para seguir sendo útiles e mellorar os servizos que prestan. De feito, non parece haber unha estratexia temporal de investimentos e mantemento.

A Xunta non foi, nestes anos, o elemento cohesionador que precisaba o deporte a todos os niveis, nin moito menos o axente impulsor da renovación, modernización e avance dos mesmo. Foi, a meirande parte das ocasíons, por detrás do que ía sucedendo. Esta posición pasiva é moi evidente si falamos da igualdade no deporte. Malia os éxitos das deportistas e clubes femininos, o Goberno autonómico de Feijoo limitouse, unha vez más a ser un espectador máis, aplaudir e acudir ás fotos, sen desenvolver política algunha que impulsase, promovese e mellorase a situación do deporte feminino en Galicia.

Cumpre, pois, modificar as políticas deportivas dende o cerne das mesmas, dende a actualización das normas que a rexen e dende a construcción dun modelo participativo, coordinado, inclusivo e ambicioso.

Unha visión progresista

O modelo deportivo para Galicia ao que debemos aspirar debe xirar en torno a catro grandes eixos:

Deporte para todos e todas. Saúde, ensino e promoción deportiva.

Debemos contemplar a actividade física e deportiva ao longo do ciclo vital. Precísase, xa que logo, unha redefinición dos programas de promoción do deporte escolar, así como un apoio notorio ás actividades dirixidas á práctica deportiva e actividade física das persoas maiores.

Especialmente relevante debe ser a promoción dos deportes minoritarios, en colaboración coas súas federacións. Sementar a afición por aquelas especialidades deportivas menos coñecidas ou alonxadas do profesionalismo da alta competición é tamén unha maneira de afondar no papel do deporte como lecer, participación e diversidade. Como tamén o é promover a divulgación e práctica dos xogos e deportes tradicionais que gardan a memoria da nosa cultura e forman parte do noso patrimonio colectivo.

Formación e excelencia

A formación é unha das maiores eivas da política deportiva do PP. Aínda que se creou a chamada Escola Galega do Deporte, o certo é que o seu funcionamento deixa moito que desexar e non cumpreu a súa función, o que se comproba coa escaseza de actividades desenvolvidas.

Acabar unha alianza entre o deporte e a universidade mellorará non só a formación do persoal técnico (INEF) senón que garante a incorporación do I+D+i á práctica deportiva e sitúa ao deporte como obxecto da investigación e da vanguarda académica.

Talento, competición e alto nivel

Galicia conta con moito talento individual e co esforzo de clubs, federacións, equipos técnicos que pulan cada ano por impulsar a rapazas e rapaces na alta competición, mellorar a súa capacitación e acadar os mellores resultados.

Pero non é posible deixar esta tarefa ao tecido deportivo. Precísase do compromiso e o traballo cotiá dos responsables autonómicos do deporte neste camiño da alta competición e, tamén, ao final das súas traxectorias colaborando na súa inclusión na vida social e laboral unha vez terminadas as carreiras deportivas.

Precisamos mellorar a planificación e instalacións para o deporte de alta competición. Galicia conta cun programa (DGAN) de respaldo a deportistas de alto nivel insuficiente etampouco o Centro de Tecnificación de Pontevedra reúne as condicións precisas para dar cumprido servizo á demanda existente (non se acollen todas as disciplinas olímpicas, nin se conta con equipos psicolóxicos como noutros centros semellantes noutros lugares).

Deporte inclusivo

Estes últimos anos supuxeron un rexurdir importante do deporte adaptado e inclusivo en toda España, e novamente a Xunta non foi senón espectadora dos chanzos que se subían no camiño da inclusión fronte a clubs e asociacións que fomentaron o deporte adaptado con competicións, visibilización, promoción e moitas accións nas que estiveron desamparados pola Secretaría Xeral e a Fundación Deporte Galego.

O deporte adaptado e inclusivo é unha aposta pola saúde o benestar e a integración social das persoas con diversidade funcional e a Administración debe investir no seu desenvolvemento, dende as primeiras idades ate as persoas maiores. Non podemos máis que chamar a atención sobre o feito de que non exsite na Secretaría Xeral un departamento dedicado ao deporte adaptado tendo en conta da importancia social que este ten acadado e dos beneficios do mesmo. O PSdeG quere tamén comprometerse co apoio ao deporte adaptado, o respaldo ás persoas con diversidade funcional e ás entidades que levan anos promovendo a actividade física como un elemento máis de desenvolvemento persoal.

COMPROMISO MEDIOAMBIENTAL: A SOCIEDADE DA SUSTENTABILIDADE COMO OPORTUNIDADE PARA GALICIA.

O PSdeG-PSOE, coherentemente co recoñecemento da gravidade crecente da crise ecolóxica do noso planeta, entende as políticas medioambientais como transversais e globais a toda a acción do goberno, tal e como as consideran as Nacións Unidas no seus Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable. E asumimos que non se pode avanzar cara á sustentabilidade continuando a soportar e promover un modelo económico que non o é: non se pode continuar baseando a economía no consumo de combustibles fósiles e no uso extensivo e indiscriminado de solo.

A crise ambiental que se desenvolveu no século XX e se acelera nas dúas primeiras décadas do século XXI queda sintetizada por un fenómeno que representa o paradigma desta crise: o cambio climático causado pola emisión á atmosfera de decenas de miles de millóns de toneladas de CO₂ cada ano, afastándonos dos obxectivos que a ciencia e as institucións internacionais consideran ineludibles para evitar consecuencias catastróficas para a nosa forma de vida. Necesitamos cada vez mais enerxía, utilizamos cada vez mais recursos naturais, transformamos cada vez máis intensamente o territorio e, consecuentemente, liberamos cada vez máis compostos contaminantes á atmosfera, aos solos, aos ríos e aos mares.

A diagnose da situación ambiental do planeta non deixa lugar a moitas dúbidas. A crise ambiental non deriva dunha mala práctica xeneralizada por parte dos habitantes dos países desenvolvidos. Trátase dun proceso inherente ao propio modelo de desenvolvemento que nace na revolución industrial. Non é un fenómeno transitorio que se solvente con maior concienciación e melloras tecnolóxicas. Con algo mais de 7.500 millóns de habitantes no planeta e mais de 4.000 millóns deles desexando, lexitimamente, acadar os niveis de benestar dos aproximadamente 1.000 millóns que habitamos no mundo do benestar, non cabe dúbida de que a crise ambiental que hoxe experimentamos se intensificará con rapidez ao longo das próximas décadas. Non se detectan posibles solucións sen cambiar o modelo de sociedade industrial. É necesaria unha nova revolución. Unha revolución que transforme a actual sociedade industrial nunha futura sociedade con novos principios e paradigmas: a sociedade da sustentabilidade.

A transición cara a unha economía verde xera emprego sostible e de calidade, ó mesmo tempo que é imprescindible para o mantemento da capacidade do planeta para seguir sendo o noso

soporte vital, cada vez más deteriorada e que hai tempo que rebasou os seus límites pola presión do noso modo de vida. Por outra banda, a transición ecolóxica é unha oportunidade para un territorio como o galego que ten moi boas condicións para a produción de enerxía renovable.

A Galicia do século XXI, a Galicia que imaxinamos, a Galicia da nova sociedade da sustentabilidade, deberase construír ao redor de sete liñas troncais de desenvolvemento:

- Unha nova Galicia que avance na procura da neutralidade en emisións.
- Unha nova ordenación territorial que reduza a dispersión da poboación e das actividades.
- Un pais no que o proceso de transformación do territorio se retarde.
- Un consenso sobre a protección integral do ciclo hídrico.
- Máxima eficiencia no ciclo dos materiais.
- Unha aposta pola recuperación dos ecosistemas e da paisaxe de Galicia.
- Un compromiso coa cooperación para o desenvolvemento no eido ambiental.

Os Gobernos de Núñez Feijóo foron absolutamente pasivos na protección de medio ambiente, como foron pasivos na cuestión de loita contra o cambio climático, en coherencia cunha visión que oscila entre o negacionismo descuberto da ultradereita e o negacionismo vergonzante da dereita menos extrema, que non nega explícitamente o cambio climático pero impide ou se inhibe da adopción de calquera tipo de medida para combatelo.

A produción lexislativa do Goberno galego nesta lexislatura foi moi escasa, proseguindo a tendencia de 11 anos de maiorías do PP. Cabe destacar que a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural de Galicia recibiu a crítica unánime do movemento ecoloxista por considerala estéril ou regresiva. Tamén houbo proxectos importantes que decaeron na súa tramitación lexislativa coma as leis de ordenación do territorio de Galicia, de residuos e solos contaminados de Galicia e de pesca continental de Galicia. E Proxectos de lei anunciados e dos que nada se sabe: de prevención e extinción de incendios forestais (anunciado polo conselleiro do Medio Rural, en sesión Plenaria do 12/2/2019); nova lei de pesca (Nota de Xunta do 17/3/2019); para a creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga (o consello da Xunta de Galicia do 10/10/2019 acorda o inicio da tramitación dun anteproxecto de lei); de protección e avaliación ambiental (o consello da Xunta de Galicia do 16/1/2020 acordou o inicio da tramitación dun anteproxecto de lei, que formaba parte do Programa electoral do PP).

Asemade, boa parte da normativa medioambiental está obsoleta:

- Toda a relativa á xestión do ciclo da auga: a actual non abarca realmente o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos

das augas residuais a través da súa depuración e a protección dos ecosistemas acuáticos nin medidas contra a seca e de adaptación ao cambio climático.

- A Estratexia Galega contra o Cambio Climático únicamente se está revisando a final da lexislatura a efectos electorais cando procede do ano 2005, sendo completo o desinterese polo tema nos 10 anos anteriores de Gobernos de Núñez Feijóo.

- O Goberno galego segue a defender o Plan de residuos de Galicia 2010-2020, fóra da realidade dende o seu inicio, absolutamente xa superado polas circunstancias e afastado da xerarquía comunitaria recollida na Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

Dada a súa xeografía, condicións ambientais e recursos naturais, Galicia ten un gran potencial para desenvolver un modelo económico que respecte o medio ó mesmo tempo que aproveita os seus importantes recursos naturais, pero a Xunta non pasou durante a etapa Feijóo da consideración do territorio e do medio como recursos a explotar sen ningún tipo de consideración de sostenibilidade mentres se fai unha política medioambiental meramente formal e de escaparate, preocupada exclusivamente pola apariencia.

As nosas costas e mares –caracterizadas pola valiosísima singularidade das nosas rías, que converten a Galicia na primeira comunidade autónoma por quilómetros de costa- acollen numerosas zonas Rede Natura 2000 (ZECs y LICs) de competencia tanto estatal como autonómica, que precisan do desenvolvemento de estratexias que aseguren un aproveitamento más eficaz e sostible (medioambiental, económica e socialmente). Galicia debe aspirar a converterse nun modelo de aproveitamento sostible e eficiente dos recursos do mar e do litoral, e un referente da economía azul.

Igualmente, nun momento en que o bosque está sendo substituído de forma acelerada en Galicia por un monocultivo forestal, debemos aspirar a compatibilizar a explotación forestal como parte importante da súa economía coa vital función do bosque como ecosistema e como espazo para o desfrute pola cidadanía no exercicio do dereito a un medio ambiente adecuado.

Para acadar os obxectivos e desenvolver as aspiracións anteriormente mencionadas é fundamental a concienciación da cidadanía, o voluntariado e a cooperación entre as administracións, as universidades, as entidades da sociedade civil e o mundo empresarial.

AUGA E CICLO HIDROLÓXICO

Galicia é a terra dos mil ríos, pero as predicións científicas cara o futuro indican que a auga en Galicia pasará por momentos de escaseza. É preciso comenzar a educar no aforro da auga, xa que co tempo será un ben cada vez máis escaso e prezado.

É necesario outorgar prioridade ao saneamento integral das rías, para o cal será necesario coordinar os traballos das administracións, así como tamén dos axentes económicos e sociais implicados, ao tempo que apostar por unha auténtica planificación de saneamento no rural, apostando por novos sistemas máis eficientes e modernización da rede de abastecemento, en cooperación coa administración local.

TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS

O sistema da xestión dos residuos é caótico en Galicia, principalmente a causa da escaseza de plantas de tratamento. SOGAMA actualmente é un vertedoiro e está moi lonxe de ser un modelo axeitado para afrontar unha transición enerxética.

Un sistema más axeitado podería establecer os seguintes obxectivos: reducir a cantidad de residuos (pódese acadar un 10% no período 2020-2024 con respecto a os datos de 2018) e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro asociados á xestión dos mesmos (pódese acadar unha redución dun 50% no período 2020-2028).

Para o que será necesario a posta en marcha dun novo Plan de Residuos Urbanos de Galicia acorde coas normativas europeas en materia de tratamiento de residuos, que aposte pola construcción de ecoparques, aumentando a porcentaxe de residuos reciclados e minimizando aqueles que non reciben tratamento, elaborando un sistema de recollida selectiva de residuos que contemple plantas de xestión de residuos ben dimensionadas e que permitiría reducir as emisións derivadas do transporte de residuos

ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

A rede de espazos naturais protexidos de Galicia, de acordo ao disposto na Lei 5/2019 de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia, está conformada polos seguintes espazos:

- 1 Parque nacional (Illas Atlánticas)
- 6 Parques Naturais (Fragas do Eume, Baixa Limia-Serra do Xurés, Corrubedo, Monte Aloia, Invernadoiro e Serra da Enciña da Lastra)
- 8 Monumentos naturais (As Catedrais, Carballa da Rocha, Costa de Dexo, Fraga de Catasós, Pena Corneira, Souto da Retorta, Souto de Rozavales e o pregamento xeolóxico de Quiroga)
- 5 Zonas húmidas protexidas (Corrubedo, Umia-Grove, Valdoviño, ría de Ortigueira e ría de Ribadeo)
- 2 Paisaxes protexidas (Penedos de Pasarela e Traba, e Val do Navea)

Forman parte ademais desta rede as 49 Zonas de Especial Conservación da Rede Natura (ZEC) e as 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), coa consideración de: Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

Se examinamos as iniciativas postas en marcha pola Xunta de Galicia nesta materia nesta última década, podemos chegar facilmente á conclusión de que o goberno galego renunciou definitivamente a seguir ampliando e consolidando a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

En efecto, nestes últimos once anos a Xunta só incluíu na Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia as 90 hectáreas do pregue xeolóxico de Campodola - Leixazós, no concello lucense de Quiroga, declarado Monumento Natural por Decreto 120/2012, vai xa para oito anos.

A Xunta de Galicia limitouse nese tempo a declarar pequenos espazos coa categoría de Espazos Naturais de Interese Local, que foron ademais iniciativa de concellos como os da Coruña, Pontevedra ou Nigrán. E o mesmo aconteceu coas Reservas da Biosfera, pois as únicas promovidas e xestionadas polo goberno galego foron as declaradas pola UNESCO a instancia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible fai máis de once anos: a do "Gerés-Xurés" compartida co goberno portugués e única Reserva da Biosfera Ibérica da península, e a do "Río Eo, Oscos e Terras de Burón" compartida co Principado de Asturias.

A Xunta de Galicia debe continuar coa política de consolidación da rede de espazos naturais protexidos, a debida información e participación pública, e cos recursos humanos, materiais e financeiros necesarios para dar resposta non só aos requirimentos da protección, senón tamén para o desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida da poboación residente; incorporando novos espazos como poden ser a serra do Pindo ou o monte do Galiñeiro.

Do mesmo xeito débese proceder á ampliación da Rede Natura 2000 segundo os estudos que deixáronse realizados xa no ano 2009, e que pretendían incrementar a dita rede ata un 18% da superficie terrestre galega. A tal fin deberase ter moi en conta a nova programación comunitaria, especialmente no que se refire aos instrumentos financeiros para a xestión e o mantemento desta rede, tendo en conta que, dende hai moitos anos, vense reclamando sen éxito un instrumento financeiro específico e debidamente dotado para a Rede Natura 2000, dada a necesidade de contar con fondos comunitarios suficientes que axuden non só á súa xestión e conservación, senón tamén ao mantemento das activades tradicionais.

Hai que insistir na necesidade de converter os espazos protexidos de Galicia nunha oportunidade para as poucas persoas que ainda viven neles. Para o que será necesario xunguir os esforzos de todas as administracións con competencia nestes territorios para mellorar a

calidade de vida dunha poboación cada vez máis vella e exánime, sometida a limitacións de uso das súas terras, para que todos poidamos gozar dos seus ecosistemas e paisaxes, sen que nos cobren nada e independentemente de onde vivamos.

Por todo iso, é necesario elaborar novos programas, deseñar nova medidas, distribuír os fondos existentes, procurando novas fontes de financiamento, así como buscar a complicidade doutras institucións, sociedades, empresas ou entidades.

Do desinterese e pasividade do actual goberno de Galicia dan fe os orzamentos dos que dispón a actual Dirección Xeral de Patrimonio Natural: se no 2009 esta Dirección Xeral chegou a contar con preto de 20 millóns de euros para investimentos e axudas dos capítulos IV, VI e VII, na actualidade apenas chega aos 13 millóns de euros.

INCENDIOS FORESTAIOS

Os incendios forestais son un problema extremadamente grave –tanto ecolóxica como economicamente - ó que Galicia se enfrenta un ano si e outro tamén. Galicia, dende que hai datos certos, padeceu múltiples incendios que teñen arrasado centos de milleiros de hectáreas. O último, aínda tan recente e un dos más pavorosos das últimas décadas, foi o ano 2017, no que en apenas unha semana de outubro arderon case cincuenta mil hectáreas, e houbo que lamentar a morte de catro persoas.

Só na última década arderon en Galicia máis de 200.000 hectáreas en tres mil lumes de media ao ano, pero estímase que nos últimos cincuenta anos ardeu unha superficie equivalente ás dúas terceiras partes de Galicia e case toda a súa superficie forestal.

Resulta moi difícil de asumir que só o 6 % do territorio español teña que soportar o 40% de todos os incendios que se producen anualmente en España, e só atendendo ao triste abandono que sufre o medio rural galego, ao envellecemento e desmantelamento das comunidades veciñas e do seu xeito de vida, e á tan elevada actividade incendiaria, intimamente relacionada coas circunstancias anteriores, podemos chegar a entender esta lamentable situación.

A maior abundamento, os expertos alertan de que debido ao cambio climático, á desestacionalización dos lumes e á mudanza radical do entorno, imos ter que enfrentarnos a un novo paradigma: a aparición cada vez máis frecuente de lumes de 4^a, 5^a ou incluso 6^a xeración, lumes que poden chegar a superar a capacidade de extinción do operativo, sexa este cal sexa.

Despois da vaga de lumes do 2017 e do desastre acontecido ese mesmo ano en Portugal, con preto de medio millón de hectáreas queimadas e más de cen mortos no país veciño, e onde quedou evidente que as situacions climáticas adversas e a ocorrencia de GIF (grandes incendios forestais) van ser cada vez más frecuentes e perigosas, foi constituída unha comisión especial non permanente do Parlamento Galego que presentou o seu ditame (aprobado cos votos a favor do PSdG), en data 31 de xullo de 2018. Así mesmo, e como consecuencia do anterior, acordouse crear un grupo de expertos para analizar e avaliar os servizos de extinción de incendios forestais en Galicia. Grupo que entregou no Parlamento as súas conclusíons e recomendacións xusto un ano despois: o 31 de xullo de 2019.

Á vista dos extensos e variados documentos recompilados e xerados, que inclúen medidas de todo tipo para afrontar esta problemática, cabe criticar a inacción da Xunta do PP durante estes últimos dez anos e ante a gravidade da situación da que nos alertan os expertos, e ante o fracaso das políticas da Xunta de Galicia nesta materia, vémonos na necesidade de mudar de rumbo e afrontar con forzas anovadas o problema.

Non é admisible que o goberno da Xunta de Galicia volvera recorrer nesta década aos concellos galegos para facelos corresponsables da extinción dos incendios forestais. A Xunta de Galicia debe axudar a mellorar a eficacia dos servizos de emergencias, xa sexan grupos de emergencia supramunicipal (GES), agrupacíons de voluntarios de protección civil ou consorcios provinciais e parques de bombeiros; elaborando os correspondentes protocolos e procedementos operativos así como realizando prácticas e simulacros que melloren a deficiente coordinación coas forzas de seguridade do Estado e cos propios servizos da Xunta de Galicia; eivas postas en evidencia reiteradamente durante as pasadas vagas de lumes. Ao igual que aconteceu coas comunicacíons nuns intres tan delicados, en que o goberno galego foi incapaz de transmitir á cidadanía unha información rápida, útil e veraz, xerándose situacións de alarma e de auténtico pánico. E, polas mesmas razóns, é preciso e urgente traballar nos plans de auto-protección para as poboacións e no deseño dun sistema de alerta temperá co emprego de novos índices de predición.

Se analizamos as cifras de incendios por distritos forestais, tal e como fixo o grupo de expertos do Parlamento, evidénciase claramente que as provincias do sur de Galicia son con diferencia ás más afectadas: case os dous terzos dos lumes prodúcense entre Ourense e Pontevedra, e más das tres coartas partes da superficie que se queima no país pertence a estas dúas provincias. Así mesmo Ourense é con diferencia a más prexudicada, co 40% dos lumes e case o 60% da superficie afectada total, ademais de se producir nesta provincia dous de cada tres grandes incendios. Por todo iso é preciso acometer unha urgente redistribución territorial, cos reforzos que sexan necesarios para axeitar o operativo á realidade. E, pola mesma razón,

proponse a creación dunha base de avións de carga en terra no distrito XIV de Verín-Viana, territorio onde ardeu na última década un 20% da superficie afectada en Galicia, case o mesmo do que arde anualmente entre as provincias de Lugo e A Coruña.

Fronte ao cambio de paradigma, produto do abandono do campo e da aparición de fenómenos adversos cada vez más frecuentes, o mellor que podemos facer é xestionar o territorio e modelar as paisaxes para incrementar a súa resiliencia, creando as infraestruturas de defensa necesarias. A prevención e unha nova visión do territorio, onde haberá que contar necesariamente coa colaboración da poboación residente, faise a todas luces imprescindible. Estamos a falar de accións como a xestión da biomasa nas zonas de interface, os tratamentos silvícolas, as intervencións no sotobosque, a substitución de eucaliptos e piñeiro por frondosas autóctonas, a diversificación e creación de masas arboradas mixtas ou a instalación de cultivos en mosaico, co obxectivo de sectorizar o territorio, reducir o combustible e transformar a estrutura vexetal conforme ás prescricións establecidas para cada zona. De igual xeito que é preciso fomentar o pastoreo extensivo e a realización de queimas prescritas con persoal cualificado e de acordo cos procedementos técnicos establecidos.

Para que estas labores de prevención e tratamiento do territorio sexan efectivas é preciso dispoñer dunha adecuada planificación nas diferentes escalas competenciais. Estamos a falar da necesidade de elaborar e aprobar canto antes os plans de ordenación dos recursos forestais e de prevención e defensa dos dezanove distritos forestais de Galicia, os plans de actuación municipal (PAM) e de defensa contra incendios forestais dos concellos, de plans específicos para espazos naturais protexidos, ou dos plans de queimas prescritas.

Tendo en conta a incidencia cada vez maior dos lumes de fronteira faise preciso activar e mellorar os protocolos de actuación conxunta e axuda mutua con Portugal, facilitando o coñecemento e a comunicación dos mandos intermedios, o intercambio de información, e a avaliación conxunta de pasadas intervencións.

BENESTAR ANIMAL

A pesares da escasa presenza da tauromaquia ou doutros festexos nos que se produza maltrato animal na nosa comunidade, comprometémonos a lle poñer fin, desenvolvendo para elo programas de sensibilización en materia de protección e benestar dos animais para evitar o maltrato e o abandono, así como plans de Protección das especies protexidas de Galicia, levando a cabo unha política coordinada entre administracións en materia de refuxio, protección e adopción de animais abandonados, que pode incluír bonificacións fiscais.

UN TERRITORIO PARA VIVIR DIGNAMENTE E PRODUCIR DE XEITO EFICIENTE

- **UNHA NOVA POLÍTICA TERRITORIAL COMO GARANTE PARA UNHA MELLOR CONECTIVIDADE E PRESTACIÓN EFICIENTE DE SERVIZOS BÁSICOS.**

A políticas de ordenación do territorio son a base para construír un país. As prioridades sociais, económicas e medioambientais determinan a organización do territorio. En Galicia, desde 2009, foise progresivamente esquecendo a idea de facer país. Foise esquecendo a idea de ter un *pacto polo territorio*, non partidista, e capaz de sentar as bases dun desenvolvemento a medio prazo. As Directrices de Ordenación do Territorio, áinda que perderon parte das fortalezas dos documentos iniciais elaborados durante a presidencia de Touriño, plantexan un documento de partida moito máis atractivo que as leis que se desenvolveron posteriormente, onde a visión liberal do solo faise máis presente. En calquera caso, o fracaso da Lei do Solo de Galicia de 2016 quedou demostrado pola escaseza de novas tramitacións de planeamento en Galicia.

Todos os fondos europeos e toda a planificación urbana e territorial nos países do noso entorno parte dunha mesma base: a definición dunha estratexia urbana e territorial. No caso galego, a Lei do Solo de Galicia supuxo un retroceso notable e, en lugar de camiñar cara a planificación estratégica, virou cara un modelo ríxido e finalista, de complexa tramitación e que volva a abrir a man dun crecemento expansivo xa superado en toda Europa. Esta falta de capacidade de adaptación produce unha profunda crise nun modelo de planificación que xa non é capaz de dar resposta aos novos problemas e necesidades da cidade e do territorio, e esta incapacidade está a producir un importante distanciamento entre a planificación urbanística e a sociedade á que debería servir.

Estamos a vivir un momento de fortes tensións poboacionais que están a levar ao colapso un modelo territorial disperso e polarizado. Galicia perde poboación e esta concéntrase no eixo atlántico e nas capitais comarcais.

En termos de dimensión municipal, un de cada tres galegos vive nun dos 259 concellos de menos de 10.000 habitantes. En gran medida unha das prioridades para estes concellos é garantir a súa conectividade, tanto física como dixital. A conectividade física ten que pasar por unha mellora do transporte colectivo explorando novos mecanismos en lugar de reiterar modelos existentes e obsoletos. A conectividade dixital será a canle que permita garantir a ligazón destes concellos co resto do país.

Os concellos que superan os 10.000 habitantes e non chegan aos 50.000 supoñen o fogar de case outro terzo de galegas e galegos. Se ben as diferenzas entre concellos son notables, en especial no límite dos 20.000 habitantes, todos teñen comportamentos netamente urbanos e,

na súa escala, reproducen as problemáticas de cidades de maior dimensión sen os medios necesarios para resolvelas. Estes concellos do sistema intermedio son a chave para artellar o territorio. A falta de desenvolvimento de estratexias que permitan unha planificación coordinada do territorio está a ser unha das causas das dificultades destes concellos, que non están a recibir o apoio necesario por parte da Xunta para afrontar a súa transformación.

En so sete concellos concéntrase o outro terzo da poboación galega. Son, en xeral, os que teñen unha mellores expectativas de crecemento pola presenza de poboación infantil e polas súas dinámicas económicas e sociais, pero tamén é nos que se fai más evidente a falla de coordinación das políticas autonómicas. En moitos casos supoñen un freo para o propio desenvolvimento das cidades, con proxectos bloqueados ou non desenvolvidos coa presa necesaria. Nestes concellos faise especialmente necesario o desenvolvimento dos Plans Territoriais Integrados, capaces de definir e cohesionar as áreas urbanas, actuando dun xeito transversal que mellore a articulación do territorio e os servizos para a cidadanía.

En termos de organización do espazo, de non haber cambios, a poboación concentrarase áinda máis na contorna do eixo atlántico. A maioría das comarcas reducirán o volume da súa poboación en mais dun 10% ate 2033. E tan só dúas (Santiago e A Coruña) amosarán valores positivos.

Galicia é xa preponderantemente urbana, por vez primeira na súa historia, avanzando cara un grande sistema urbano policéntrico e territorialmente espallado que exercerá funcions directoras sobre o conxunto do seu territorio. Unha cidade continua, desde Ferrol a Tui, dispersa, de densidades moi desiguais, na que a autoestrada do Atlántico e a liña ferroviaria de alta velocidade constitúen as infraestruturas básicas de conexión.

Este conxunto, que normalmente denominamos Eixo Atlántico, supón unha cuarta parte da superficie de Galicia, algo máis de dous terzos da súa poboación e do seu emprego e unha proporción áinda superior do valor engadido total. Con forte especialización interna, desde os extremos industriais a unha zona central orientada aos servizos. E cunha notable fraxilidade nalgúns comarcas que funcionan como zonas residenciais, produtoras de bens primarios e fornecedoras de espazo para empresas industriais ou de servizos.

A concentración no interior do Eixo é marcada e crecente. Un obxectivo político debería ser garantir unha extensión territorial maior dos efectos dinámicos do núcleo, para o que mellorar as infraestruturas e reducir os custes da mobilidade é condición necesaria pero non suficiente. As políticas da Xunta de Galicia evidencian aquí o seu fracaso: as bonificacións fiscais para algunas árees foron por si soias incapaces de contrarrestar as desvantaxes estruturais. Compre formular proxectos integrados, transversais, multisectoriais, que combinen actuacións infraestruturais (comunicacións, redes, solo industrial) con fórmulas de activación do

emprendemento; xunto coas actividades de formación necesarias e ao apoio público para a radicación de actividades tractoras.

O núcleo das cidades (Ferrol-Narón, A Coruña, Santiago, Vigo....) desborda sobre o seu espazo propio, con formas diversas. En xeral, a fenda territorial entre o espazo da producción e o residencial é moi forte, o que produce unha intensa demanda de desprazamentos diarios a traballar, sumados aos habituais dos habitantes permanentes do territorio. Ademais, as fórmulas organizativas municipais reflicten o desaxuste entre as áreas urbanas reais e as institucionalizadas. A Xunta de Galicia foi incapaz de articular, en colaboración cos concellos, alternativas eficaces, movida polo desexo de control político.

Fora deste núcleo dinámico temos as dúas capitais de provincia de Lugo e Ourense, a Galicia central, de base agraria, próxima xa a unha certa estabilización demográfica, e as áreas de montaña, nun proceso de despoboamento intenso. Amplos territorios nos que existe unha forte demanda de políticas de equilibrio territorial. O equilibrio territorial compre entendelo como unha demanda de igualación das oportunidades de acceso aos servizos públicos básicos e de posta en marcha de políticas de fomento, con discriminación positiva, das actividades económicas fora dos polos centrais, con implicacións sobre as infraestruturas e o transporte, o mapa de servizos ou a radicación do solo empresarial.

A Galicia central, de base agro-pesqueira, ocupa aproximadamente a metade da superficie do país. Manifesta unha intensa regresión demográfica, aínda inacabada, concentrándose os habitantes nas áreas urbanas (Lugo e Ourense). Hoxe supón un 27% da poboación, cunha achega algo inferior á xeración de riqueza. Xunto ás políticas sectoriais, ben relevantes, compre consolidar as cidades e vilas que definen a cada unha das comarcas, nunha estratexia de reforzamento de núcleos accesíbeis. Deben ser centros de provisión de servizos públicos e privados e núcleos residenciais do territorio produtivo que teñen ao redor; complementando as actividades do sector primario que as definen con procesos de transformación e comercialización. Ao tempo, deben ser obxecto dunha persistente e meditada aposta do sector público para diversificar o seu tecido económico e a súa dimensión urbana. As políticas experimentadas, centradas só nos incentivos fiscais, como os Plan Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, foron un fracaso. Pero pódese e débese facer máis.

A Galicia de montaña (incluíndo o Ribeiro e Celanova) ocupa o 20% do territorio e só soporta o 4% da poboación e apenas o 3% da producción de riqueza. Pouco más de cen mil persoas, nunha regresión demográfica progresivamente acelerada. É unha Galicia de persoas maiores, de pensionistas. Con tantas persoas percibindo unha pensión como afiliadas á Seguridade Social. A 20 puntos de distancia en renda por habitante da media. E que perdeu nestes dez anos emprego a un ritmo tres veces superior á do conxunto. Manter os núcleos urbanos existentes, adaptando con flexibilidade pero sen reducir a oferta de servizos que hai hoxe e reforzando a accesibilidade física ou virtual á oferta urbana deben ser obxectivos centrais nunha política de control do territorio.

Un axeitado deseño espacial do territorio galego só ten sentido sobre a base do sistema urbano, que é o que estrutura e integra o territorio. Son as cidades, os nodos do sistema, os alicerces dunha axeitada planificación territorial. As políticas públicas deben favorecer a consolidación desa metrópole atlántica, plural, diversificada e aberta ao exterior que chamamos Eixo Atlántico, para que se beneficie das vantaxes da dimensión.

Para que este horizonte optimista sexa unha realidade compre instituir mecanismos de colaboración e cooperación que teñen que ser de carácter informal ou en todo caso voluntario. A Xunta de Galicia ten un papel relevante, colaborando con estes procesos, por medio dunha política equilibrada de dotacións e equipamentos; ou grazas a unha xestión intelixente das infraestruturas.

A xestión das infraestruturas terrestres reducindo o custo privado e socioambiental da mobilidade debe atender tanto ás estradas canto ao ferrocarril.

Convén superar a falla de superposición entre a cidade administrativa e a cidade real, que produce disfuncións organizativas e deteriora a calidade democrática. Servizos como o transporte, a recollida de lixo ou os servizos de auga e saneamento, por exemplo, son más eficientes a esa escala, nun proceso que precisará dun consenso político forte e dun diálogo permanente entre a administración autonómica e o poder local; e tamén pola ampliación competencial (con previsión lexislativa e respaldo financeiro estrutural), garantindo a non intromisión dos poderes autonómicos ou centrais.

A curto prazo, a consolidación das áreas metropolitanas e a colaboración voluntaria intermunicipal, incentivada desde o ámbito autonómico, significará un avance evidente. A Xunta de Galicia debería permitir que a autonomía local democrática funcione sen tentar un control político que non lle corresponde, alentando a creación de áreas metropolitanas ou similares, con competencias e financiamento propio. A modificación da obsoleta Lei de Administración Local de Galicia, para fomentar a intermunicipalidade, sería imprescindible.

Fora das áreas urbanas, os avances na colaboración intermunicipal son imprescindíveis para facer unha xestión eficiente e de calidade e garantir o pluralismo. Só mediante un consenso transversal das forzas políticas e unha reforma lexislativa que permita manter un nivel municipal de representación á par da integración en xurisdicións más amplias será posible avanzar por esta vía.

As cidades e vilas deben actuar de locomotoras do conxunto do territorio, nunha sorte de equilibrio focalizado. Convén atender especialmente a aquelas cidades que son excéntricas ao polo urbano central (Lugo e Ourense) ou presentan más dificultades (Ferrol). Unha oferta completa dos servizos públicos básicos localizados é fundamental para garantir unha aproximación razonable ao principio de igualdade no tratamento dos cidadáns. O que esixe descentralizar servizos en dirección a aquellas áreas cuase urbanas que permiten un maior equilibrio territorial (Mariña Central ou Valdeorras, por exemplo). Así como favorecer a conectividade de áreas próximas, priorizando por exemplo o VAC da Costa Norte (de Cedeira a

Cervo), a completude da autoestrada da Costa da Morte ou o corredor Lugo-Ourense pasando por Mnforte.

O obxectivo ten que ser o de garantir a accesibilidade dos individuos aos froitos do progreso con independencia do lugar en que viven, coa mellora das vías de transporte e dos sistemas de comunicación. As vilas deben ser os nodos básicos de radicación dos servizos públicos que permita unha vida en condicións dignas en toda Galicia. Corremos o risco de que ao reducirse a densidade demográfica por baixo dun certo nivel desapareza a función protectora do ambiente e do patrimonio construído que ten a actividade rural. Unha oferta racionalizada de servizos públicos e o subsidio a actividades con beneficios non recoñecidos polo mercado cobra así todo o seu sentido. Un nivel mínimo de servizos debe ser garantido.

O consenso político debería permitir establecer un mapa de servizos básicos que garanta o acceso no conxunto do territorio, cun compromiso de investimento e un calendario. Así como a posta en marcha dunha Axencia profesional independente para o equilibrio territorial, seguindo o modelo escocés.

UNHA VIVENDA DIGNA E ACCESIBLE PARA TODA A CIDADANÍA

Vivimos nun contexto de profundos cambios sociais, económicos e demográficos e onde a xestión de goberno do Partido Popular tense amosado incapaz, aletargado e desnortado na súa labor de ofrecer respostas eficaces ás demandas e necesidades da cidadanía galega.

Uns gobernos que teñen traspasado a súa responsabilidade e competencias propias a acción do Estado, que desde o Plan Estatal de Vivenda é a día de hoxe o máxime impulsor das políticas de axudas e subvencións en Galicia tanto para facilitar o acceso ó aluguer como para a rehabilitación do actual parque de vivenda.

A súa pasividade manifesta ten levado na última década á parálise absoluta do parque de vivenda pública e a perda incluso da protección de moitas das vivendas de promoción social que foran construídas, o que se reflicte nunha menor oferta de vivendas a prezos asequibles e nun número crecente e alarmante de demandantes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e que recolle a día de hoxe a necesidade manifesta de 50.000 galegas e galegos.

A mobilización dun gran parque de vivenda desocupado é outra das cuestións prioritarias que debe ser afrontado. Preto de 230.000 vivendas, segundo datos do IGE, son a día de hoxe vivendas baleiras, e delas más do 25% nas sete principais cidades de Galicia, xustamente alí onde se demanda a demanda máis forte de vivendas, especialmente para o alugueiro.

Datos, como que o índice de esforzo financeiro que ten que facer unha familia media galega para acceder a unha vivenda se sitúa hoxe só a 4 puntos do índice máximo recomendado ou

que unha persoa moza galega menor de 29 anos teña que dedicar de media o 62% do seu salario para poder acceder ó aluguer dunha vivenda, non poden ser más desalentadores.

Máxime cando convivimos con novas realidades sociais e económicas que pasan polo auxe das vivendas de alugueiro turístico, os novos modelos de convivencia, a cada vez más necesaria mobilidade laboral, o reto da sostibilidade e do cambio climático ou o fenómeno demográfico que se evidencia na perda de poboación nas áreas rurais e o envellecemento paulatino da poboación. Exemplos todos eles deses novos retos que, relacionados coa política de vivenda, debemos afrontar.

Retos importantes do presente e do futuro, pero sen esquecer os que veñen do pasado, como a necesaria erradicación das infravivendas en Galicia, nas que residen unha media de case 150.000 galegos e galegas, así como a necesaria adaptación funcional e enerxética dos conxuntos edificatorios, con especial atención as edificacións plurifamiliares, máis de 700.000 en toda Galicia, así como todas as que conforman os centros históricos, imprescindibles para a revitalización e rexeneración destes entornos estratégicos das cidades e vilas.

GARANTIR UN DEREITO BÁSICO

A misión principal da política de vivenda será garantir o acceso da cidadanía a unha vivenda digna, combatendo especialmente o uso da vivenda como un ben especulativo e non coma un derecho de todas e de todos.

Para darlle a volta a esta situación é preciso desenvolver unha política de vivenda proactiva, adaptada os retos do presente, respectando o legado do pasado pero con visión de futuro. Accións que de modo transversal prioricen por un lado o aumento e estabilidade dun necesario parque de vivenda público, e por outro a mobilización do parque actual de vivendas baleiras. Entendendo en todo caso a necesaria planificación que ten que ir da man dun mellor e más estratégico uso dos instrumentos de ordenación territorial dos que se dispón e permitan desenvolver un Plan Sectorial de Vivenda.

Para tal fin é preciso realizar un maior esforzo pola análise continua da situación do parque de vivenda, dos réximes de tenza, da súa ocupación ou mantemento, así como das demandas existentes en cada territorio. Un esforzo analítico que permitirá dirixir mellor as medidas e accións así como aportar maior transparencia da acción do goberno á cidadanía. Recuperar para tal fin a función coa que naceu o Rexistre de Demandantes de Vivenda Protexida de Galicia así como do Observatorio Galego de Vivenda, hoxe instrumentos totalmente infrautilizados.

Conseguir que cohesión social e equilibrio territorial vaian da man pasa por entender as novas necesidades de cada un dos colectivos sociais de Galicia, especialmente da xuventude pero tamén daquel sector que se incrementa ano a ano como é o das persoas maiores. Ambos colectivos con necesidades moi diferentes pero de importancia estratégica para o futuro e a sustentabilidade económica da nosa comunidade.

O retraso cada vez maior na consecución dunha estabilidade económica e polo tanto de emancipación da mocidade é un dos motivos do retraso na maternidade e con da perda de poboación, polo que urge implementar un Plan de Vivenda para a Emancipación Xove que contribúa a reducir as dificultades coas que se atopan e favorecer así unha más pronta independencia da xuventude galega.

Sen o abandono doutras políticas que reduzan a vulnerabilidade social, desde a política de vivenda se impulsarán medidas de apoio ás persoas con rendas más baixas, en risco de desafiuamento, de pobreza enerxética, con necesidades especiais de integración social, con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.

E nesa busca dunha Galicia más xusta para todas e todos, apostarase pola calidad habitacional de todos os fogares galegos, favorecendo accións que permitan o correcto mantemento ou rehabilitación do parque inmobiliario, priorizando a total erradicación das infravivendas en Galicia.

Unha actitude que irá da man da aposta pola recuperación do patrimonio construído e por un modelo más compacto e menos extensivo das novas vilas e cidades, que permita o aproveitamento dos recursos existentes, así como do solo aínda dispoñible nos plans actuais e susceptibles de seren desenvoltos para o uso residencial. En coherencia activarase o dereito de tanteo e retracto da administración autonómica para a incorporación de edificacións de proteccións social ó parque de vivenda pública.

Faise pois preciso desenvolver medidas potentes que pasarán polo impulso prioritario do parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito más eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade e aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen as necesidades da poboación xoven e outros colectivos.

UNHA POLÍTICA MOBILIDADE EFICIENTE E SUSTENTABLE CA PROMOCIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO

O transporte constitúe un sector básico para fomentar un desenvolvemento económico, sustentable, intelixente e responsable, xa que da soporte ás actividades mercantís e resposta ás demandas de mobilidade da sociedade. Neste sentido, as redes dos diferentes modos de transportes de Galicia teñen que servir como panca de impulso da competitividade do tecido socioeconómico, converténdo-a nunha rede innovadora e referencial.

Este obxectivo, alén de fomentar o crecemento económico, debe ser plenamente compatible co de minimizar os efectos adversos do transporte desvinculando o desenvolvemento económico do incremento da demanda do transporte, para o cal é necesario desenvolver unha rede de transporte sustentable ben planificada e ordenada, e que conte coa colaboración e coordinación das administracións, empresas e da sociedade en xeral.

Dispor dun sistema de transporte accesible, xunto a unha planificación territorial adecuada, é xa que pois un obxectivo fundamental. Para o cal debe impulsarse a intermodalidade, tanto para o transporte de persoas como de mercadorías e fomentaranse aqueles modos de transporte más sustentables en termos medioambientais, sociais e económicos.

Xa que o transporte é un sector que se caracteriza pola súa transversalidade, debe contemplarse na elaboración de políticas e directrices doutros sectores de actividade (enerxía, cambio climático, ciencia, tecnoloxía, innovación, seguridade viaria, etc.) así como noutra serie de políticas entre as que destaca as políticas de medio, ordenación do territorio e sustentabilidade.

O PSdeG defende un transporte público crecente e que apoie á mobilidade, que conte cunha rede básica eficiente para os desprazamentos e cun transporte interurbano e multimodal eficiente. Onde se acadan unhas condicións de competencia equitativas para os desprazamentos e un transporte de mercadorías multimodal, cun sistema de mobilidade eficiente e integrado. Un sector onde foméntese o emprego e as condicións laborais de calidade, dado que os recursos humanos son un compoñente crucial de calquera sistema de transporte.

Defendemos incentivar as iniciativas de fomento da calidade, accesibilidade e fiabilidade dos servizos de transporte xa que son aspectos que ademais gañarán unha crecente importancia nos próximos anos.

Somos pois partidarios de xerar unha máis crecente cohesión territorial e un crecemento económico sustentados nunha rede básica de transporte que garanta conexións multimodais eficientes, potenciando os modos de transporte de menor impacto ambiental, como son o marítimo e ferroviario; e que deberá levar parello a confección dun marco de financiamento coherente, priorizando aqueles proxectos que xeren cohesión e valor engadido, minimicen o impacto no medio ambiente e que melloren a seguridade física e a protección das persoas usuarias.

O PSdeG impulsará unha cultura de sustentabilidade de forma coordinada entre as administracións, o sector do transporte e o produtivo e a cidadanía, aplicando o criterio de "transporte preventivo", promovendo a intermodalidade, para eliminar desprazamentos innecesarios, xestionando de forma anticipada a demanda de mobilidade e contribuíndo a mellorar o asentamento espacial e distribución equilibrada das actividades residenciais e socioeconómicas no territorio.

Co obxecto de avanzar cara a un transporte sustentable, defendemos:

- Concienciar á sociedade da necesidade dun transporte sustentable.
- Mellorar e promover unha maior utilización do transporte público.
- Fomentar a utilización más racional do vehículo privado.
- Discriminar positivamente o transporte colectivo.
- Promover o uso da bicicleta como medio de transporte.
- Fomentar o transporte sustentable a centros de actividade.
- Crear centros loxísticos con capacidade para atender e xestionar o transporte integral.

Pese aos discursos oficiais, a Xunta de Galicia non foi quen de levar a cabo unha política de mobilidade eficaz, nin dedicou os esforzos nin as dotacións económicas necesarias, para acadar un sistema de transporte público eficiente e moderno. Proba do cal é por exemplo a desacertada decisión en relación ás novas concesións para o transporte público por estrada competencia da Comunidade Autónoma, que previsiblemente será obxecto de reclamacións e xerará problemas de satisfacción á demanda. Ou a escaseza de medios con que conta para dar unha resposta adecuada ás competencias que neste campo fundamental ten a Comunidade Autónoma, totalmente insuficientes.

Os e as socialistas traballaremos para que o transporte sexa tamén un elemento básico para combater a crise demográfica, cun plantexamento transversal e coordinado coas políticas de urbanismo e ordenación do territorio, afondando na participación activa dos concellos na determinación das necesidades de transporte e mobilidade que lles afecten e buscando os

acordos oportunos para poder axustar os sistemas de transporte ás necesidades e demandas das zonas rurais con baixa densidade de poboación, garantindo a súa vertebración territorial e no seu caso potenciando os sistemas de transporte á demanda.

Igualmente propugnamos potenciar os aeroportos galegos para consolidar a súa posición no transporte de viaxeiros e impulsar a actividade de carga para ampliar a súa potencialidade e dar resposta aos mercados de paquetería emerxentes.

UNHA MELLORA PERMANENTE DAS INFRAESTRUTURAS DO TRANSPORTE

As infraestruturas para a mobilidade constitúen elementos especialmente estratégicos para Galicia, dada a súa posición periférica, e onde unha correcta comunicación - tanto no interior como cara ao exterior - resulta fundamental para frear o desequilibrio territorial e contribuír a evitar o despoboamento de moitas das áreas menos urbanas do noso país.

É preciso pois apostar por acelerar moitas das obras e os proxectos pendentes, no marco xeral dunha mobilidade máis sostible medioambientalmente e dunha decidida aposta pola intermodalidade entre os diversos modos de transporte. Máis cando o chamado Plan MOVE presentado polo goberno galego fai dez anos, resultou un fracaso absoluto no relativo ás previsións nel contidas; un plan cunhas inversiones programadas de 4.265 millóns de euros que xa, en outubro de 2010, foron reducidos en 621 millóns de euros polo goberno da Xunta de Galicia.

O certo é que logo de tres gobernos con maioría absoluta do Partido Popular e polo tanto con plena capacidade para planificar, orzamentar e executar as políticas en materia de estradas, o plan MOVE presenta un nivel de desenvolvemento absolutamente insuficiente, revelando que a cohesión territorial non forma parte das prioridades da Xunta de Galicia, atopándose cunha rede con serios problemas de mantemento e sen unha planificación estratégica coñecida.

A análise dos orzamentos correspondentes a esta finalidade reflecten que as cantidades anuais experimentaron importantes reducións, e así os 5.044 km de estradas autonómicas existentes presentan un moi dispar estado de deseño e conservación, xa que por un lado pouco se avanzou na modificación de trazados e por outro o mantemento foi e é insuficiente.

A superación deste escenario require cuestións tales como :

- A definición previa de estándares que deben cumplir as estradas da rede autonómica e un diagnóstico da adecuación da rede a eses estándares; os estándares deberían referirse a características do trazado (pendentes, anchuras, etc) o que podería depender das características da estrada (poboacións que comunica, uso vinculado a actividades produtivas, etc).

- Apostar decididamente pola redución da sinistralidade, como un obxectivo estratéxico.
- Establecer unha planificación realista como instrumento técnico e xurídico de planificación plurianual das actuacións en materia de estradas referido á totalidade do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, ca reformulación do actual Plan MOVE
- O establecemento de compromisos orzamentarios plurianuais para o desenvolvemento da planificación establecida.

Todo o cal contribuirá a alcanzar unha mobilidade máis eficiente e sostible, dando resposta a retos como a loita contra o cambio climático, o incremento das desigualdades nas oportunidades de mobilidade, a transformación dixital do transporte ou a necesidade de planificación dos investimentos en infraestruturas do transporte, dentro dun deseño de modelo territorial para Galicia máis solidario e equilibrado territorialmente.

É neste contexto de intermodalide e sostibilidade ambiental onde debe inscribirse a necesarias melloras en materia ferroviaria, onde consideramos necesario continuar ca esixencia dun impulso transformador nas grandes infraestruturas ferroviarias que nos unen con España con Europa, principalmente nas conexións ferroviarias de alta velocidade e as conexións cos nosos portos. Priorizando cuestións como as melloras da conexión por ferrocarril entre Lugo e Ourense ou a conclusión do eixe atlántico entre Ferrol e a fronteira portuguesa.

Do mesmo xeito, deberán potenciarse os trens de proximidades nas principais áreas de poboación da nosa comunidade e reforzar a intermodalidade, tanto nas principais áreas urbanas como nos nodos de conexión intermedios.

A potenciación do transporte público ferroviario debe implicar un acordo xeral entre as distintas administracións, coa participación dos axentes do sector, e un seguimento dos acordos alcanzados.